



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de decembro de 2020 (917/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego (on line)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día once de decembro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1048).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 3 de decembro e extraordinaria e urxente do 4 de decembro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1049).- PROPOSTA ESTIMATORIA DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN RELACIÓN COAS SUBVENCIONS DE BONO-TAXI 2020. EXPTE. 202493/301.

Visto o informe de fiscalización do 03/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 26/11/2020, asinado pola Traballadora Social, a xefa do Servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura, o xefe de Área e pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 28.05.2020 aprobáronse as as Bases e a convocatoria de «SUBVENCÍONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020», elaboradas polo Servizo de Benestar Social (Exp. nº 199226/301).

I.2. As Bases deste Programa de subvencións foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal e no BOP de Pontevedra nº 105 do 03 de xuño de 2020.

I.3. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 112, do 12 de xuño de 2020, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 112 solicitudes que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.4. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas (99) e as denegadas (13), indicando neste último suposto a causa da denegación. Así, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 02.10.2020, acordou:

- *«Conceder as subvencións de bono-taxi 2020 á 99 persoas que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de usuarias deste Programa. Relaciónanse no Anexo I, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pasaporte nº ***5706**, cunha renda per cápita mensual de 67,24€ e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pasaporte nº ***6499**, cunha renda per cápita mensual de 1.331,33€.*

O gasto total (19.700,00€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“Subvención bono-taxis discapacitados”). RC-202000032451.

- *Desestimar as solicitudes de subvención que se relacionan no Anexo II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pasaporte nº ***9000** e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pasaporte nº ***9399**, reseñándose en cada caso o motivo concreto da súa desestimación...».*

I.5. Nese Anexo I (“Proposta de concesión 2020”) figuraba, co número 92, a solicitude presentada por D^a. Cristina-Sinziana Lungu, á que se lle concedeu unha axuda económica por importe de 100€.

I.5. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local a interesada presentou o 11.11.2020 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 200206408) un escrito a modo de RECURSO POTESTATI-



Concello de Vigo

VO DE REPOSICIÓN solicitando a revisión do acordado sobre a súa solicitude de subvención.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020».
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, o recurso potestativo de reposición presentado por D^a. Cristina-Sinziana Lungu diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 02.10.2020.

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se modifique a resolución impugnada.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso da Sra. Lungu, que propoñemos ESTIMAR expresamente toda vez que, revisado de novo o seu expediente particular (Exp. nº 202493/301; trámite n.º 24), resultaría que os ingresos mensuais aplicables para a correcta baremación da súa solicitude son de 755,49€ e non de 1.133,24€ como se fixo constar na valoración inicial, tendo en conta que o número de membros da súa unidade familiar é de tres (3) e non de dous (2), de acordo coa información fiscal dispoñible (IRPF) e tamén do PMH.

Polo tanto, conforme coas «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020», a cantidade que lle correspondería percibir, de acordo coa Táboa contida na Base cuarta, é de 200€ e non de 100€.

Capacidade económica usuario/a	Importe da subvención bono-taxi
Entre 0 e 600,00€	300,00 €
Entre 600,01€ e 800,00€	200,00 €
Entre 800,01€ e 1.344,60€	100,00 €



Concello de Vigo

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-120 e 123-124 da LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro), propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Estimar o recurso potestativo de reposición presentado por D^a. Cristina-Sinziana Lungu (DNI/NIE/Pasaporte nº ****7037*) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 02.10.2020, recoñecéndolle o dereito a percibir unha axuda en concepto de bono-taxi por importe total de 200€. O gasto a maiores de 100€, derivado da estimación deste recurso, poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“Subvención taxis discapacitados”); RC n.º 32451.

SEGUNDO: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125 da LPACAP, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1050).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIAS A SUBVENCÍONS CONCEDIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS – ANO 2020. EXPTE. 210605/301.

Dáse conta do informe-proposta do 30/11/2020, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social, o xefe da Área, o asesor xurídico adxunto á xefatura e pola concelleira de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18.06.2020, aprobou as bases e a convocatoria de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais (BOP nº 123, do 30.06.2020 e extracto no BOP nº 125, do 02.07.2020).

I.2. Posteriormente, por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.10.2020, aprobouse o outorgamento de subvencións ás entidades solicitantes que se relacionaban no seu Apartado Primeiro, entre as que atopan as entidades “RADIO ECCA FUNDACIÓN CANARIA”, “ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA (ALBORADA)” e “ASOC. DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNIÓN”:

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PUNTUACIÓN OBTIDA	IMPORTE SE- GUNDO PUN- TUACIÓN	IMPORTE CONCEDIDO
15	205167/301	RADIO ECCA FUNDACION CANARIA	20	1.504,00	1.504,00
22	205422/301	ASOCIACION CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA (ALBORADA)	19	1.428,80	1.428,80
31	205639/301	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNION	15	1.128,00	1.128,00

I.3. Estas tres entidades presentaron escritos, a través do Rexistro xeral municipal, en datas 14.10.2020 (Doc. n.º 200186920), 19.10.2020 (Doc. n.º 200189478) e 30.10.2020 (Doc. n.º 200198223), respectivamente, renunciando ás subvencións que lles foran concedidas pola imposibilidade de realizar os seus proxectos.

I.4. Con carácter xeral, o Art. 94 da L.39/2015, do 1 de outubro (LPACAP) prevé a renuncia expresa polos/as interesados/as ós seus dereitos, cando isto non sexa contrario ó ordenamento xurídico, e a súa aceptación *de plano* pola Administración.

I.5. As bases reguladoras das «SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2020» prevén expresamente a posibilidade de renunciar ás subvencións concedidas e inclúen como Anexo un modelo de renuncia, que foi o utilizado polas tres entidades.

I.6. Na normativa sectorial de subvencións públicas, os Arts. 31.5 da L.9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG) e 31.3 da L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) prescriben que producírase a perda do dereito ó cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas nos seus Arts. 33 e 37, respectivamente, entre as que se inclúe a non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia ás subvencións concedidas ás entidades que a seguir se relacionan, declarando a perda do dereito a percibir as axudas concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.10.2020 ó abeiro das bases reguladoras das «SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2020».



Concello de Vigo

ENTIDADE	NIF	IMPORTE ANULADO	MOTIVO
RADIO ECCA FUNDACIÓN CANARIA	G35103431	1.504,00€	Renuncia
ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA (ALBORADA)	G36624963	1.428,80€	Renuncia
ASOC. DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNIÓN	G36654036	1.128,00€	Renuncia

SEGUNDO.- Notificar o acordo ás entidades interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1051).- ANULACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DO PÁDEL A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “VIGO OPEN 2020-WORLD PADEL TOUR” NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19441/333.

Visto o informe xurídico do 16/11/2020 e informe de fiscalización do 30/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 16/11/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 27 de febreiro de 2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, acordou aprobar o “**Convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través da organización do evento deportivo World Pádel Tour Concello de Vigo na cidade de Vigo**” entre o 22 e o 29 de marzo de 2020, aínda que como consecuencia da declaración do estado de alarma e das restricións vinculadas con el, o evento deportivo tivo que ser cancelado para as datas previstas, quedando o convenio aprobado sen asinar.

O 11 de marzo de 2020, a OMS declarou pandemia internacional a situación de emerxencia ocasionada polo brote de COVID-19.

O 12 de marzo, o Consello de Ministros adoptou as primeiras medidas urxentes para facer fronte á propagación da pandemia, en particular o Real Decreto Lei 7/2020, de 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ó impacto económico do COVID-19.

Por Resolución da Alcaldía de data 12.03.20 adoptouse acordo de peche ao público de todas as instalacións municipais.

Con posterioridade, o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo e as medidas nel contidas, así como as establecidas nos sucesivos reais decretos de prórroga do estado de alarma, constituíron o marco regulador básico da normativa adoptada para facer fronte á emerxencia provocada pola pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 14.03.2020, foi acordada a continuidade do peche, ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución da Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19 e de data 15.03.20 de continuar o peche das instalacións e actividades acordados por resolucións previas desta Alcaldía, ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020 e do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O 10 de xuño de 2020, o Boletín oficial do Estado, publicou o Real Decreto-lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria polo COVID-19, co obxecto de previr posibles rebrotes, e con vistas á superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e eventualmente a expiración da vixencia do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo polo que se declaraba o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e as súas prórrogas.

Con data 8 de outubro, tendo en conta o marco xurídico e a situación de control da pandemia de COVID-19, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar, en sesión extraordinaria e urxente, a modificación do Convenio coa Deputación de Pontevedra en relación á celebración do Vigo Open-World Pádel Tour, propoñendo a súa celebración entre o 15 e o 22 de novembro cunha achega municipal de 55.000,00€, unha achega de 55.000,00€ por parte da Deputación de Pontevedra. O convenio non foi asinado por nungunha das partes p

Non obstante, a evolución da situación epidemiolóxica tanto a nivel nacional como na Comunidade Galega e na cidade de Vigo, que provocaron a entrada en vigor do estado de alarma nacional e a aplicación de novas medidas restritivas en canto a mobilidade e á reunión de persoas, esixen a necesidade de ter que propoñer a cancelación definitiva do evento neste 2020, dado que non parece aconsellable a celebración dun evento como o Open Vigo de Pádel, que esixe o desprazamento á cidade non só dun volumin equipo de xogadores e xogadoras, senón tamén a chegada á cidade dun numeroso equipo de profesionais vinculado con cuestións loxísticas e de montaxe do propio evento.



Concello de Vigo

Con data 26/10/2020, o Concello de Vigo comunicou á organización do evento, a cancelación do mesmo na cidade de Vigo debido á evolución da situación epidemiolóxica, baseando a decisión nos datos dese momento.

E por isto que ante a cancelación do evento deportivo, e non habéndose perfeccionado o convenio non procede continuar o procedemento en tanto que dito convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través do evento deportivo "VIGO OPEN 2020 - WORLD PADEL TOUR", que se disputará entre o 15 e o 22 de novembro de 2020 na cidade de Vigo.

O artigo 84.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas determina que *"Tamén producirá a terminación do procedemento a imposibilidade material de continualo por causas sobrevidas. A resolución que se dite deberá ser motivada en todo caso"*.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local como órgano competente para aprobación dos convenios en virtude de Resolución de data 18.06.2019 modificada por posterior Resolución de data 17.09.2020 en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

V.- PROPOSTA

Primeiro.- Declarar a finalización do procedemento administrativo relativo a aprobación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DO PADEL A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "VIGO OPEN 2020-WORLD PADEL TOUR" NA CIDADE DE VIGO, ante a imposibilidade de continuar o mesmo por causas sobrevidas segundo o exposto na proposta

Segundo.- Anular autorización de gasto.

Tercero.- Notificar a Deputación Provincial de Pontevedra

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1052).- DAR CONTA DE 83 RENUNCIAS E DE 2 BENEFICIARIOS/AS QUE NON XUSTIFICAN A BOLSA NO PRAZO ESTIPULADO NAS BASES DA CONVOCATORIA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTADÍAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV)-ANO 2020. EXPTE. 23807/332.

Dáse conta do informe-proposta do 02/12/2020, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2020, acordou aprobar a resolución da convocatoria e a axudicación das 98 bolsas Concello de Vigo para estadias linguísticas 2020 no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), desglosadas nos idiomas de inglés (56 bolsas coa asignación económica individual de 1.700.-€) , francés (4 bolsas coa asignación económica individual de 2.000.-€) , alemán (12 bolsas coa asignación económica individual de 1.700.-€) , italiano (7 bolsas coa asignación económica individual de 1.700.-€) , portugués (4 bolsas coa asignación económica individual de 1.600.-€) , xaponés (13 bolsas coa asignación económica individual de 2.000.-€) , xaponés (1 bolsa coa asignación económica individual de 1.700.-€) e chinés (1 bolsa coa asignación económica individual de 2.000.-€) .

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 18 de xuño de 2020, adoptou o acordo de aprobar a modificación da base 1ª e 14ª das bases específicas para o desenvolvemento das bolsas Concello de Vigo 2020 para estadias linguísticas no estranxeiro do alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, que quedaron redactadas como segue:

- Base 1ª “Obxecto e finalidade”:
“O programa deberá realizarse, dentro do ano 2020, e nunca despois do remate do mes de novembro de 2020”.
- Base 14ª “Xustificación e pagamento”:
“En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa, deberá realizarse polo beneficiario/a antes do remate do mes de novembro de 2020”.

Este acordo da Xunta de Goberno Local do 18/Xuño/2020, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 121 o venres 26/Xuño/2020, no que fai referencia a esta convocatoria que ten o 481256 como Número de identificación na Base Nacional de Subvencións BDNS.

Motivado pola pandemia e crise sanitaria ocasionada polo Covid-19 e as súas negativas consecuencias na limitación e/ou restricións nunha mobilidade internacional con seguridade e con plenas garantías nas condicións sanitarias, o alumnado da EOIV beneficiario/a destas bolsas municipais atopouse nun escenario de excepcionalidade que dificultou enormemente poder viaxar para desenvolver as estadias linguístico-formativas no estranxeiro. En consecuencia, ao longo deste periodo, por razóns da COVID-19 se teñen presentado e acreditado documentalmente por diversos medios (registro xeral, correo-e ...) un gran número de renuncias ao desfrute da bolsa municipal, que figuran arquivadas nas dependencias do Servizo Municipal de Educación como órgano xestor da referida iniciativa municipal. Igualmente para un pequeno número de beneficiarios/as esgotouse o prazo (antes do remate do mes de novembro de 2020) recollido nas bases da convocatoria, para poder xustificar o desenvolvemento da estadia linguística obxecto da subvención municipal.

En consecuencia e consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe, por unha banda dar conta ao órgano competente, das **83** renuncias que motivadas pola Covid-19 se teñen producido nos beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV ano 2020; e por outra banda dar conta dos **2** beneficiarios/as que non xustifican o desenvolvemento da bolsa no prazo estipulado nas bases da convocatoria.



Concello de Vigo

Por elo, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Dar conta das **83** renuncias ao desfrute da Bolsa “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV ano 2020 dos **83** beneficiarios/as recollidos na seguinte táboa.

2º.- Aprobar a anulación dos documentos contables recollidos na seguinte táboa por importe total de **144.600.-€** destinados ao pago destas bolsas municipais a favor dos **83** beneficiarios/as que teñen presentado a súa renuncia.

IDIOMA	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF	DOC CONTABLE	IMPORTE
Inglés	Rodríguez Moreira	Roberto	3603****	202000010421	1.700.-€
Inglés	Alvarez Rodríguez	Iago	****3488	202000010390	1.700.-€
Inglés	González Pereira	Antía	3271****	202000010395	1.700.-€
Inglés	Rodríguez Caldas	Cristina	****6792	202000010425	1.700.-€
Inglés	Mini Torres	Teresita de Jesús	3607****	202000010404	1.700.-€
Inglés	Iglesias Cruz	Patricia	****3995	202000010415	1.700.-€
Inglés	Vilas Iglesias	Ana María	5319****	202000010402	1.700.-€
Inglés	Dobarro Correa	Julia	****3848	202000010443	1.700.-€
Inglés	Correa Márquez	Rosa María	3609****	202000010419	1.700.-€
Inglés	Rodríguez Hernández	Agustín	****7647	202000010424	1.700.-€
Inglés	García Fernández	María José	0930****	202000010405	1.700.-€
Inglés	Rodríguez Pérez	Andreia María	****0178	202000010398	1.700.-€
Inglés	Pazo Vila	Juan	3949****	202000010408	1.700.-€
Inglés	Fernández Gallego	Patricia	****7275	202000010414	1.700.-€
Inglés	Figueirido Fernández	Rebeca	5442****	202000010416	1.700.-€
Inglés	Gesteira Peña	Consuelo	****0817	202000010430	1.700.-€
Inglés	Ferreira Rodríguez	Ana María	****6372	202000010426	1.700.-€
Inglés	Mallo García	Joaquina	7681****	202000010410	1.700.-€
Inglés	Manzano Pérez	Alejandra	****4051	202000010391	1.700.-€
Inglés	Gómez Gómez	Yara	3945****	202000010417	1.700.-€
Inglés	Prado Camargo	Ariel	****0243	202000010427	1.700.-€
Inglés	Fernández Aparicio	Elvira	3602****	202000010399	1.700.-€
Inglés	Gómez Veiga	Jennifer-Matilde	****8543	202000010401	1.700.-€
Inglés	Couñago Iglesias	Juan Ricardo	****9575	202000010396	1.700.-€
Inglés	Fernández Brañas	María Montserrat	3606****	202000010440	1.700.-€
Inglés	Garrido Fernández	Oscar	****2505	202000010441	1.700.-€
Inglés	Fernández Vila	Ana Gloria	****0679	202000010412	1.700.-€
Inglés	Villar Fernández	David	3612****	202000010442	1.700.-€

IDIOMA	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF	DOC CONTABLE	IMPORTE
Inglés	Sendín Lama	Noelia	****6595	202000010432	1.700.-€
Inglés	Álvarez Davila	Laura	5381****	202000010409	1.700.-€
Inglés	Herguedas Pedroso	María Henar	****4007	202000010434	1.700.-€
Inglés	Feijoo Rodríguez	Marina	3604****	202000010403	1.700.-€
Inglés	Fernández Pereira	Angel	****4286	202000010445	1.700.-€
Inglés	Romero Vázquez	María Mercedes	3608****	202000010444	1.700.-€
Inglés	González Abalde	Kelly	****1527	202000010418	1.700.-€
Inglés	Cacabelos Reyes	Jesús	3946****	202000010406	1.700.-€
Inglés	Otero Piñeiro	Marco Bruño	****4525	202000010438	1.700.-€
Inglés	Lago Vilaboa	Soraya	5317****	202000010439	1.700.-€
Inglés	Laso Durán	Ana María	3604****	202000010411	1.700.-€
Inglés	Tourón Besada	Yolanda	****0406	202000010436	1.700.-€
Inglés	Vila Riveiro	José Manuel	3604****	202000010437	1.700.-€
Inglés	García Vázquez	Aurea Isabel	****3577	202000010422	1.700.-€
Inglés	Romero Bandeira	Patricia	3608****	202000010420	1.700.-€
Inglés	Fernández Celix	Raquel	****5589	202000010397	1.700.-€
Inglés	Frade Sánchez	María Dolores	3326****	202000010431	1.700.-€
Inglés	Ramírez Iglesias	Ana	****8678	202000010394	1.700.-€
Inglés	Blanco Fernández	María José	4445****	202000010428	1.700.-€
Inglés	Cabaleiro Casas	Miguel	****9264	202000010392	1.700.-€
Inglés	Pintos Rodríguez	Elena	5318****	202000010407	1.700.-€
Inglés	Domínguez Rabadán	Alejandra	****0189	202000010433	1.700.-€
Inglés	Bello Modia	Inés	5423****	202000010400	1.700.-€
Francés	Díez Sarabia	Aida María	****5799	202000010449	2.000.-€
Francés	Arellano Pardo	María	4449****	202000010448	2.000.-€
Francés	Cortés Román	Laura	****0120	202000010447	2.000.-€
Alemán	Radziunas Salinas	Yago	4784****	202000010450	1.700.-€
Alemán	Garrido Fenes	María Alicia	****8577	202000010458	1.700.-€
Alemán	Martín Fragueiro	María Cristina	3607****	202000010453	1.700.-€
Alemán	Figueirido García	Pilar	****2503	202000010461	1.700.-€
Alemán	Senra Alvarez	María Avelina	3608****	202000010460	1.700.-€
Alemán	Ruiz Castelain	Marta	0658****	202000010454	1.700.-€
Alemán	Fernández González	Julian	****1363	202000010459	1.700.-€
Italiano	Calvo Marqués	Miguel	5318****	202000010468	1.700.-€
Italiano	Cerdeira Botana	María Lucía	****5718	202000010465	1.700.-€



Concello de Vigo

IDIOMA	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF	DOC CONTABLE	IMPORTE
Italiano	Adama Moldes	Manuel	3606****	202000010463	1.700.-€
Italiano	Fuentes Mora	Mercedes	****3422	202000010464	1.700.-€
Italiano	Nogueiras Caseiro	Maria José	3611****	202000010462	1.700.-€
Italiano	Montemuiño Lago	Laura	****0757	202000010466	1.700.-€
Italiano	Freijeiro de Pedro	Mónica	3610****	202000010467	1.700.-€
Portug	Gutiérrez González	José Manuel	****1837	202000010472	1.600.-€
Portug	López Grande	María Luz	3460****	202000010469	1.600.-€
Portug	Rodríguez Soto	Gladys	****4990	202000010471	1.600.-€
Portug	Ogando Penela	María Asunción	3598****	202000010470	1.600.-€
Xapon	Pérez Moure	Hugo	****6986	202000010478	2.000.-€
Xapon	Pérez González	Uxía	3948****	202000010476	2.000.-€
Xapon	Campos Sánchez	Jorge	****7643	202000010477	2.000.-€
Xapon	Vila Suárez	Rubén	****0097	202000010488	1.700.-€
Xapon	Lapuente Planellas	Carles	3809****	202000010475	2.000.-€
Xapon	Alén Rodríguez	Antía	****6080	202000010479	2.000.-€
Xapon	Míguez Comesaña	Ana	5317****	202000010485	2.000.-€
Xapon	Claro Quintans	Luis Ernesto	****5996	202000010483	2.000.-€
Xapon	Villalón Amorín	Juan Fernando	3487****	202000010484	2.000.-€
Xapon	González Alonso	Nerea	****3944	202000010480	2.000.-€
Chjnés	Rodríguez Otero	José Carlos	3606****	202000010489	2.000.-€

3º.- Dar conta da non xustificación da bolsa no prazo estipulado nas bases da convocatoria dos 2 beneficiarios/as recollidos na seguinte táboa.

4º.- Aprobar a anulación dos documentos contables recollidos na seguinte táboa por importe total de **3.400.-€**, correspondentes aos 2 beneficiarios/as que non xustificaron a bolsa municipal no prazo estipulado nas bases da convocatoria.

IDIOMA	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF	DOC CONTABLE	IMPORTE
Inglés	Jácome Varela	Leonor	3529****	202000010429	1.700.-€
Inglés	Araujo Comesaña	Oscar	3608****	202000010413	1.700.-€

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1053).- CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA DA REDE MUNICIPAL DE PISOS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-6. EXPTE. 10577/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 04/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, pola concelleira-delegada de Área e pola asesora xurídica de Igualdade, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de “Vivendas tuteladas” ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

O día 4 de decembro de 2020 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE: **** 9981*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada da súa filla e do seu fillo menores, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-6, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE: ****9981* e os seus fillos, a ocupen por un período de seis meses, (a contar desde a data de ingreso da unidade familiar na vivenda, data fixada polo equipo multidisciplinar do Centro municipal de información dos dereitos da muller), transcorridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda da rede municipal de pisos de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-6 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 10577/224 por un período de 6 meses, transcorridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

7(1054).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE “SERVIZO DE COLABORACIÓN COA INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO POSTERIOR E AUDITORÍA NO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS E ENTIDADES DEPENDENTES” (LOTES 2 E 3). EXPTE. 102796/140.

Visto o informe xurídico do 03/12/2020 e o informe de fiscalización do 04/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/11/2020, asinado pola xefa do servizo de Fiscalización, o interventor xeral e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o 12 de decembro de 2019, na súa calidade de órgano de contratación, acordou:

“Adxudicar a BM NEIRA AUDITORES, S.L.P., con B-32.468.647 o lote 2 “Control financeiro de subvencións” o procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140) coas seguintes condicións:

- 1. O prezo total do lote é de 10.164,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.764,00 euros.*
- 2. Declara que o persoal destinado directamente á prestación do servizo deste lote ten realizado nos últimos 5 anos 269 horas de formación específica nalgunha das seguintes materias:*
 - Normativa reguladora das subvenciones.*
 - Normativa reguladora da contratación administrativa.*
 - Normativa en materia de Facendas Locais, réxime financeiro e orzamentario, contabilidade pública local ou tesourería.*
 - Normativa en materia de control interno das AAPP, control financeiro e/ou auditoría do sector público.*
 - Normativa reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*
 - Normativa aplicable en materia de persoal ao servizo das Administracións Públicas.*
 - Normativa reguladora da xestión patrimonial das Administracións Públicas.*

“Adxudicar a BM NEIRA AUDITORES, S.L.P., con B-32.468.647 o lote 3 “Auditoría fundacións” o procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140) coas seguintes condicións:

- 1. O prezo total do lote é de 11.374,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 1.974,00 euros.*

2. Declara que o persoal destinado directamente á prestación do servizo deste lote ten realizado nos últimos 5 anos 232 horas de formación específica nalguna das seguintes materias:

- Normativa reguladora das subvenciones.
- Normativa reguladora da contratación administrativa.
- Normativa en materia de Facendas Locais, réxime financeiro e orzamentario, contabilidade pública local ou tesourería.
- Normativa en materia de control interno das AAPP, control financeiro e/ou auditoría do sector público.
- Normativa reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Normativa aplicable en materia de persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- Normativa reguladora da xestión patrimonial das Administracións Públicas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas

Segundo.- En data 24/01/2020 suscríbese o contrato dos servizos establecidos no Lote 2 “Control financiero de subvencións” coa adjudicataria, prevéndose na cláusula 4 o inicio da prestación a partires do 1 de febreiro de 2020 . En data 13/01/2020 suscríbese o contrato dos servizos para o Lote 3 “Auditoría de fundacións” coa mesma empresa, prevéndose así mesmo na cláusula 4 o inicio da prestación, neste suposto a partires do 1 de marzo de 2020. Os contratos están anexados como trámites 285 e 286 do expediente 102724/140.

Terceiro.- No prego de cláusulas administrativas particulares fíxase a seguinte duración do contrato :

- Lote 2 “Control financeiro de subvencións” : 1 ano e 4 meses. Se a execución do contrato comenzase con posterioridade a data prevista de inicio (1 setembro de 2019), o período de execución reducirase debendo finalizar o día 31 de decembro de 2020.
- Lote 3 “Auditoría de fundacións” : 10 meses. Se a execución do contrato comenzase con posterioridade a data prevista de inicio (1 marzo 2020), o período de execución reducirase debendo finalizar o día 31 de decembro de 2020.

Prevese a posibilidade dunha prórroga dun ano de duración para cada un dos lotes na cláusula 4 c) das FEC.

Cuarto.- A través de correo electrónico de data 28 de outubro de 2020 Dña Teresa Cuñarro López, actuando en representación da entidade mercantil BM NEIRA AUDITORES, S.L.P (B-32468647) anexado como trámite nº 4 do expediente 102724-140 manifesta:

“ Con fecha 23 de enero de 2020 se han firmado los contratos correspondientes a los servicios “Control financiero de subvenciones” y “Auditoría de Fundaciones” al resultar BM Auditores adjudicatarios de los lotes 2 y 3 del Concurso 102724-140 cuyo objeto es la prestación de servicios de colaboración con la Intervención Xeral Municipal del Concello de Vigo. Por medio del presente escrito manifestamos nuestra conformidad con la prórroga de los servicios recogidos en los contratos suscritos para el ejercicio 2021”.



Concello de Vigo

Quinto.- A prestación dos servizos de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo lotes 2 “Control financeiro de subvencións” e 3 “Auditoría de fundacións” por parte da empresa BM NEIRA AUDITORES, S.L.P (B-32468647) estase a realizar a plena satisfacción desta Intervención Xeral cun correcto cumprimento do establecido tanto nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas, así como na súa oferta.

A maiores lembrar que de acordo co Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o órgano interventor deberá contar cos medios necesarios e suficientes para contar cun modelo de control eficaz.

Ante a ausencia de medios técnicos e/ou humanos adecuados para a realización das auditorías públicas, o citado Real Decreto contempla a posibilidade da Entidade Local de contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor; neste sentido, tendo en conta que a Intervención Xeral Municipal non dispón dun Servizo propio ou Oficina de Control Financeiro, nin persoal destinado a esta modalidade de control necesario e preceptivo, dada a escasez de recursos humanos coa que conta na actualidade mesmo para o exercicio da tradicional función interventora (a Intervención Xeral Municipal conta unicamente coa adscrición de 2 técnicos superiores do subgrupo A1 -a Interventora Xeral adxunta e a xefa do Servizo de Fiscalización-, ademais do Interventor Xeral, e 2 técnicos medios do subgrupo A2), normalmente, e coa excepción de determinadas tarefas que poderán ser executadas directamente cos medios dispoñibles, o Concello deberá contratar para colaborar nesta tarefa a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor.

Polo tanto, esta Intervención Xeral entende que resulta necesaria e acorde cos intereses municipais a continuidade do servizo, mediante a materialización da prórroga dun ano, contemplada no correspondente PCAP.

Sexto.- O Proxecto de Orzamento para o exercicio de 2021 aprobado na Xunta de Goberno Local que tivo lugar o 3 de novembro prevé no seu Estado de Gastos a aplicación orzamentaria 9310-227.06.00 con crédito suficiente para a financiación das prórrogas dos Lote 2: Control financeiro de subvencións e Lote 3 Auditoría de fundacións.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica Municipal e da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021 do contrato de “servizo de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e Organismos e entidades dependentes” Lote 2: control financeiro subvencións adxudicado á empresa BM NEIRA AUDITORES, S.L.P (B-32468647) por acordo da Xunta de Goberno Local do 12 de decembro de 2019.

2º.- Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro 2021 do contrato de “servizo de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de

Vigo e Organismos e entidades dependentes” Lote 3: Auditoría fundacións adxudicado á empresa BM NEIRA AUDITORES, S.L.P (B-32468647) por acordo da Xunta de Goberno Local do 12 de decembro de 2019.

3º.- Autorizar e comprometer os seguintes importes das correspondentes prórrogas:

A favor de, BM NEIRA AUDITORES, S.L.P (B-32468647) adxudicataria do Lote 2: Control financeiro de subvencións

- Con cargo ao orzamento do 2021 (partida 9310-227.06.00 (Elaboración de auditorías) : 5.082,00€ .

A favor de BM NEIRA AUDITORES, S.L.P (B-32468647) adxudicataria do Lote3 Auditoría de fundacións)

- Con cargo ao orzamento do 2021 (partida 9310-227.06.00 (Elaboración de auditorías) : 11.374,00€.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1055).- ADSCRICIÓN DO INMOBLE SITO NA RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ Nº 3 PARA O TRASLADO AS SÚAS DEPENDENCIAS DO “CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS (CMSS PRINCESA)”, E SUSPENSIÓN TEMPORAL DO DEREITO DE USO DO EDIFICIO MUNICIPAL DA PRAZA DA PRINCESA Nº 7. EXPTE. 20552/240.

Visto o informe de fiscalización do 01/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 27/11/2020, asinado pola xefa de área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- O Concello de Vigo é propietario dun inmovible demanial coa natureza xurídica de servizo público, ref. Catastral 2865013NG2726S0001SH, no número 7 da Praza da Princesa, núm. 56 do Inventario municipal de Bens e dereitos do Concello de Vigo, ocupado na planta baixa pola Concellería de Benestar social, onde presta os seus servizos públicos, na primeira parcialmente pola entidade local Consorcio do Casco Vello de Vigo onde radica a súa sede provisional e o resto a servizos administrativos da Oficina de rehabilitación municipal, asistencia técnica que presta servizos á Xerencia municipal de Urbanismo; e no segundo andar pola Federación das Asociacións Veciñais Eduardo Chao.

Estas entidades usan as instalacións municipais en virtude dos seguintes títulos:

a.- En canto á Oficina de rehabilitación, a Xerencia municipal de urbanismo en data 20.11.2020 informa o seguinte: “En relación co título/acordo de ocupación do local sito na



Concello de Vigo

Praza da Princesa nº 7: Que a Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio das súas competencias en materia de vivenda (artigo segundo, apartado cuarto, dos seus Estatutos aprobados polo Pleno da Corporación o 06.09.2010), ten externalizado desde o ano 2000 o servizo de xestión de axudas para a rehabilitación de vivendas sitas nos ámbitos cualificados como Áreas de Rehabilitación Integrada.

Nas sucesivas contratacións da empresa xestora das citadas axudas, o Concello de Vigo obrigábase a facilitar o local onde desenvolver dita actividade. Na contratación vixente (expediente 11870/407), o prego de prescricións técnicas, no seu apartado 8.3 especificaba que “o local ... será posto a disposición pola Administración municipal” (prego aprobado por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 12.11.2019).

A tal efecto, este Concello de Vigo sinalou no ano 2004, o local sito na Praza da Princesa nº 7, como o adecuado para o desenvolvemento da actividade da chamada Oficina Municipal de Rehabilitación, pola súa ubicación no ámbito principal de actuación, o PEPRI Casco Vello. Considerábase e considérase fundamental -a efectos de informar, asesorar e xestionar as axudas ós particulares- a proximidade cos potenciais beneficiarios. Descoñecen os Servizos Centrais desta Xerencia Municipal de Urbanismo a existencia de acordo expreso naquelas datas, aínda que existise desde a súa orixe unha permanente obriga do Concello de poñer a disposición un local onde desenvolver ditas funcións...”

b.- En canto ao Consortio do Casco Vello, a Xunta de Goberno local, en sesión do 24 de xaneiro de 2020, acordou autorizar ao ente público, o dereito ó uso do local sito no primeiro andar do edificio nunha superficie de 101,68 m², a título gratuito e co único fin de ser adicada, pola entidade usuaria, a sede provisional desta con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade. Na citada autorización o Concello resérvase entre outras, a seguinte facultade, que podera exercer cun aviso previo de dous meses e sen que xeren dereito indemnizatorio ningún a favor da usuaria: *a suspensión da autorización administrativa, polo tempo necesario para a execución de obras de reforma, rehabilitación ou mellora no edificio municipal na Praza da Princesa nº 7.*

c.- En canto á FAVEC, a Xunta de Goberno local, en sesión do 20 de decembro de 2004, acordou aprobar inicialmente a cesión gratuita e en precario, polo prazo de 25 anos, á Federación veciñal Eduardo Chao, o dereito de uso do local sito no segundo andar do inmovible do núm. 7 da praza da Princesa, acordo que adquiriu firmeza como consecuencia da non presentación de alegacións á aprobación inicial, formalizándose en documento público administrativo o 11 de marzo de 2005.

Segundo.- Mediante oficio de data 18/5/2020 a Concellería de Política de Benestar Social manifesta que a Xunta de Goberno Local o 30.04.2020 aprobou o «PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS, PRAZA DA PRINCESA Nº 7», promovido por dita Concellería delegada sinalando a necesidade durante a execución desas obras de reforma e ampliación, do traslado do actual «Centro Municipal de Servizos Sociais (CMSS Princesa)» existente na planta baixa do edificio da Praza da Princesa nº 7, a outra ubicación alternativa para continuar, sen interrupcións, coa prestación dos servizos sociais ás persoas usuarias adscritas a ese Centro, solicitando conseguintemente a adscrición temporal do uso do inmovible situado na rúa Méndez Núñez nº 3, esq. rúa Caracol nº 1 e rúa S. Vicente, a ditos fins.

No mesmo oficio solicitaron que por parte desta Concellería de Patrimonio se comunicase aos ocupantes do inmovible de propiedade municipal situado na Praza da Princesa nº 7, deixar libre o edificio para o inicio das devanditas obras ós outros actuais ocupantes (FAVEC, Consorcio Casco Vello de Vigo e Oficina municipal de Rehabilitación), con indicación do prazo necesario para que deixen os seus locais libres e expeditos ó dispor do Concello.

Demandadas aclaracións á Concellería de Benestar Social sobre as condicións de desaloxo, confirmación da temporalidade e retorno das entidades cesionarias ao inmovible da praza da Princesa, así como determinación do prazo de duración do desaloxo, considerando o procedemento de licitación das obras, tanto a Concellería de Urbanismo como a concellería de Benestar social, (informes de datas 08.10.2020, 02.11.2020, 20.11.2020 e 26.11.2020), confirman que o desaloxo ten carácter de temporal, polo tempo que dure a execución do proxecto de obras aprobado, retornando as entidades cesionarias unha vez rematado este, estimando que o tempo de duración do desaloxo dos ocupantes (FAVEC, Consorcio Casco Vello de Vigo e Oficina municipal de Rehabilitación), considerando a duración das obras, mailo procedemento de licitación pública, será de TRECES MESES.

En data 25.11.2020 a Concellería de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local toma razón da necesidade de desaloxo instada pola Concellería de Benestar Social, nas condicións referidas, isto é, en base ao no proxecto técnico municipal aprobado , o desaloxo será temporal e para execución das obras.

FUNDAMENTOS

1.- Normativa de aplicación

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).
- LPACAP (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- LALG (Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia).
- TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).
- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).

2.-Adscripción á Concellería de Benestar social do inmovible da rúa Méndez Núñez 3

Dacordo cos datos reflexados nos traballos de revisión e actualización do IMBD, dito inmovible situado na rúa Méndez Núñez nº 3, foi cedido en uso polo Bispado da Diocese de Tui-Vigo ó Concello de Vigo mediante convenio de colaboración asinado entre ambas dúas partes o 10/12/1997, e cuio texto resultou aprobado por acordo do Pleno municipal o 17/11/1997.

Dacordo co estipulado no convenio, a cesión en uso faise para ser destinado o inmovible a fins sociais, culturais, educativos, formativos ou asistenciais, e polo prazo de 25 anos que rematará en decembro do 2022, prorrogables de común acordo entre as partes.



Concello de Vigo

Dito dereito de uso, consta de alta no Ep.II- Dereitos Reais. N.º 641, do Inventario Municipal Bens e Dereitos, pendente de aprobación.

Toda vez que o local se atopa na actualidade pechado e sen uso, non se observa inconveniente en acceder á adscripción solicitada pola Concellería de Política de Benestar Social, para o traslado do «Centro Municipal de Servizos Sociais (CMSS Princesa)» dende a súa actual ubicación na planta baixa do edificio municipal da Praza da Princesa n.º 7, por motivos das obras proxectadas no inmovible. A operación patrimonial de adscripción non modifica os fins para os que foi cedido o uso do inmovible pola propiedade, nin a natureza do ben, que se mantén como dominio público, pola súa afectación aos servizos públicos municipais debendose, non obstante, reflexar na ficha de propiedade co que figura no IMBD os novos datos de destino e adscripción feita a prol da Concellería de Política e Benestar Social.

3.- Desaloxo temporal do edificio da Praza da Princesa

Xustifícase no expediente tramitado a causa da suspensión temporal dos títulos descritos nos antecedentes habilitantes do dereito de uso e ocupación do inmovible, da entidade local de dereito público de carácter asociativo, CCVV, da Oficina de rehabilitación que presta servizo público administrativo municipal e da FAVEC, federación de entidades asociativas veciñais, cal é a aprobación dun proxecto de reforma promovido pola Concellería de Benestar social en colaboración coa Concellería de Urbanismo e a necesidade por razóns técnicas de deixar libre de ocupantes ó edificio para a realización das devanditas obras debendo deixar seus locais libres e expeditos ó dispor do Concello.

A suspensión será temporal por trece meses segundo explicitan os informes técnicos das dúas Concellerías.

En todo caso, o artigo 92 LPAP autoriza ás administracións públicas para revogar unilateralmente as autorizacións de ocupación dos bens demaniais por razóns de interese público, sen dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións aprobadas con posterioridade, neste caso se trata de execución dun proxecto, tendo en todo caso o desaloxo o carácter de temporal. Especificamente tanto a licenza do CCVV, condición particular quinta do acordo da Xunta de Goberno local de data 24 de xaneiro de 2020, como cláusula primeira do contrato de cesión á FAVEC, habilitan para a suspensión temporal do dereito de uso e ocupación.

Por todo o anteriormente exposto, formúlase á Xunta de Goberno, a seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Adscribir á Concellería Delegada de Política de Benestar Social, o uso do inmovible sito na rúa Méndez Núñez nº 3, esq. rúa Caracol nº 1 e rúa S.Vicente, para o traslado as súas dependencias do «Centro Municipal de Servizos Sociais (CMSS Princesa)» do edificio municipal da Praza da Princesa nº 7, por motivo das obras previstas no «PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS, PRAZA DA PRINCESA, Nº 7”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local o 30/04/2020, polo prazo de trece meses, e en todo caso co límite máximo de outubro de 2022, dous meses antes da extinción do dereito de uso do inmovible concedido polo Bispado de Tui ao Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Actualizar os datos da propiedade n.º 641 (provisional) do EP. II. Reais do IMBD, reflexando a adscripción acordada.

TERCEIRO.-Suspende temporalmente polo prazo de treces meses, as autorizacións de dereito de uso do primer e segundo andar do inmovible do número 7 da Praza da Princesa da entidade local asociativa Consorcio do Casco Vello e da entidade veciñal Federación de Veciños Eduardo Chao e da Oficina de rehabilitación da Xerencia municipal de Urbanismo.

CUARTO.-Ordenar ao Consorcio do Casco Vello, Oficina de rehabilitación e á entidade veciñal Federación de Veciños Eduardo Chao que deixen libre o edificio do número 7 da Praza da Princesa no prazo máximo de dous meses a contar dende a recepción da notificación deste acordo, para o inicio das obras de reforma segundo PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS aprobado pola Xunta de Goberno Local o 30.04.2020, promovidas pola Concellería de Benestar social e en atención a súa petición de desaloxo, debendo neste prazo deixar os seus locais libres e expeditos ó dispor do Concello.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo á Concellería Delegada de Política de Benestar Social e Xerencia municipal de Urbanismo

SESTO.- Actualizar os datos da propiedade n.º 56 do EP. I Inmóveis do IMBD, reflexando a execución das obras e suspensións acordadas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1056).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO AO FUNCIONARIO CO NIP 294463. EXPTE. 71529/212.

Dáse conta do informe-proposta do 03/12/2020, asinado polo instrutor (inspector principal da Policía Local) e o secretario do expediente, e pola concelleira-delegada de Seguridade, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Segundo relátase na Resolución do Director Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social de data 25 de outubro de 2018, o axente con T.I.P. 294463, foi sancionado polo departamento competente do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) por “compatibilizar percepción da prestación de Incapacidade Temporal en pago delegado a través do Concello de Vigo e en pago directo a través de MUTUA FREMAP, con traballos con conta propia”. Os feitos relatados na resolución remitida refírense a un período de compatibilización de prestacións por enfermidade común, por parte do referido funcionario público, e que a Tesourería da Seguridade Social sitúa entre febreiro de 2017 e outubro de 2017.

SEGUNDO.- Na Resolución do Director Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social de data 25 de outubro de 2018 non especifica en que consiste os traballos por conta propia.



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Realizadas as dilixencias de trámite, entre as que consta a declaración del policía con T.I.P. 294463, onde achega nese acto baixa voluntaria da Seguridade Social con data de 13 de outubro de 2020, onde relata que estaba dado de alta, pero que era única e exclusivamente para xestionar o seu patrimonio persoal regulado na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, no seu artigo 19; que non dispoñía de ningún establecemento nin negocio; que todo o que facía, realizábase mediante chamadas telefónicas, consistentes en mercar ou vender para aumentar o seu patrimonio familiar. Tamén pon en manifesto que xa non exerce ningunha actividade, que mostra arrepentimento e que en ningún momento afectou dita actividade á imaxe da Policía Local porque non tivo transcendencia pública, ó estar só xestionando o seu patrimonio persoal.

CUARTO.- Por parte do instrutor realizáronse xestións para determinar se existe algunha actividade profesional cara ao público, realizada polo funcionario, con resultado negativo.

QUINTO.- Non consta no expediente que o funcionario solicitase autorización para desempeñar a incompatibilidade, se esta realmente existise.

SEXTO.- Non consta expediente disciplinario ou sanción algunha imposta a este funcionario por feitos similares ou doutra natureza.

II

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Conforme ao artigo 83 apartado 2 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local e unha vez realizado as correspondentes dilixencias de trámite, documental obrante do expediente número 71529/212, propónse unha sanción para o policía con T.I.P. 294463, de **cinco (5) días de suspensión** de funcións en calidade de Policía Local do Concello de Vigo, por infracción ao artigo 80 apartado u) da mencionada Lei 4/2007, concretamente por "O incumprimento dúas prazos ou outras disposicións de procedemento en materia de incompatibilidades, cando non supoñan mantemento dunha situación de incompatibilidade."

Conforme ao artigo 127 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de Policía Local, a proposta de resolución do presente expediente notificarase polo instrutor ó policía con T.I.P. 294463, dándolle vista do expediente e facilitándolle unha copia completa da documentación que non fose entregada con anterioridade, para que, no prazo de dez días (10 días), poida alegar canto considere conveniente para o seu defensa e achegue cuantos documentos estime de interese.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1057).- ABOAMENTO DE GASTOS XUDICIAIS DO FUNCIONARIO CO NP 78828. EXPTE. 36034/220.

Visto o informe de fiscalización do 04/12/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admón. Xeral da Área de Recursos Humanos

e Formación e pola concelleira-delegada de Organización municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En escrito de data 02/07/2020 (nº doc. 200118170) o/ funcionario/a, con nº de persoal 78828 e DNI nº 0*48***2 *, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no Xulgado de Instrución nº1 de Santiago de Compostela e Aud. Provincial sección nº 6 de A Coruña, tendo sido ditado Auto de data 26/06/2020, resolvendo o recurso de apelación interposto polo Parlamento de Galicia contra o Auto de data 07/02/2020 do Xulgado de Instrución nº1 de Santiago de Compostela, desestimatorio do recurso de reforma interposto contra o Auto dese Xulgado do 14/11/2019 que acordou o sobreseimento provisional e o arquivo das actuacións Dil. Prev. 1435/2019.

Contra a firmeza do Auto de 26/06/2020.

II.- O importe abonado en concepto de gastos xudiciais ascende segundo as facturas aportadas a unha contía de 2.783,00 euros. Minuta nº 12/2019, de data 04/12/2019 do Letrado F.J. García González, por importe de 1.452,00 euros, e 12/2019 Serie B, por importe de 605,00 euros. Minuta 4/2020, de data 10/02/2020, do mesmo letrado, por importe de 726.00 euros.

III.- Consta no expediente:

- . As minutas referidas no punto II, así como documentos xustificantes do abono das mesmas.
- . Auto de data 26/06/2020, resolvendo o recurso de apelación interpostos polo Parlamento de Galicia.
- . Auto de data 07/02/2020 do Xulgado de Instrución nº1 de Santiago de Compostela, desestimatorio do recurso de reforma.
- . Auto de data 14/11/2019 do Xulgado de Instrución nº1 de Santiago de Compostela.
- . Informe emitido no Expte 1598/110.
- . Citación da Comisión de Investigación.
- . Informe de 22/07/2020 de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na



Concello de Vigo

sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurran circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

IV.- Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexo ao expediente (trámite 46).

Consta ademais, informe de Asesoría Xurídica, emitido logo da solicitude de asesoramento xurídico sobre si a causa derivada dun suposto delito de desobediencia do artigo 502.1 do Código Penal, ante a negativa a comparecer ante a Comisión de investigación aberta polo Parlamento de Galicia, pode considerarse como causa directa de intervención nunha actuación administrativa ou de outra índole realizada no cumprimento das funcións atribuídas polas disposicións aplicables a súa actividade como membro de la Corporación, no que se conclúe que: “*En relación co exposto, podemos informar que:*

1. En tanto en canto, o funcionario solicitante foi convocado polo Parlamento de Galicia en tal condición e por tal causa (como Secretario Xeral e funcionario municipal) e non por ningunha outra circunstancia persoal ou de outro tipo, o que non semella discutible.

2. Tendo en conta que a negativa á convocatoria se fundou nun razonamento xurídico con apoio en normas, xurisprudencia e antecedentes (sobre a atribución das funcións do "control" das actuacións do goberno municipal), e -mesmo- que se trata dunha cuestión xurídicamente relevante e sobre a que o pronunciamento do Auto nº 180 de 26 de xuño de 2020 -que se acompaña coa solicitude- xunto co Ditame 40/2019 de 21 de marzo de 2019 do Consello de Estado en relación á eventual obriga dos cargos públicos representativos locais de comparecer no seo de Comisións de Investigación creadas por Parlamentos Autonómicos (LA LEY 338/2019 -achégase copia-) contribuíron á clarificación xeral da controversia, en canto ao deber de comparecencia cuestionado e os seus contidos propios.

3. Entendemos que, conforme aos criterios expostos no noso informe xeral de 28 de xuño de 2017 sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias, procedería a tramitación e resolución do solicitado. Sen perxuízo de que se proceda a incorporación dos antecedentes e documentación acreditativa da actuación administrativa á que se alude na solicitude ("informe emitido no expdte. 1598/110 solicitado en data 30.01.2019 polo concelleiro delegado de Recursos Humanos" e citación da Comisión de Investigación), así como das demais resolucións xudiciais nela citadas (Auto de 07-02-2020 -recurso de reforma-, Auto de 14-11-2019 -primeira instancia-)."

No expediente consta: As minutas referidas no punto II dos antecedentes de este informe, así como documentos xustificantes do abono das mesmas, Auto de data 26/06/2020, resolvendo o recurso de apelación interposto polo Parlamento de Galicia, Auto de data 07/02/2020 do Xulgado de Instrución nº1 de Santiago de Compostela, desestimatorio do recurso de reforma, Auto de data 14/11/2019 do Xulgado de Instrución nº1 de Santiago de Compostela, Informe emitido no Expte 1598/110, Citación da Comisión de Investigación, e Informe de 22/07/2020 de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

V.- De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 "Gastos notariais e xudiciais" dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, (Delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"**PRIMEIRO.-** Acordar, en base aos informes emitidos no expediente, o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados ao/á funcionario/a, con nº de persoal 78828 e DNI nº 0*48***2 *, como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no Xulgado de Instrución nº1 de Santiago de Compostela e Aud. Provincial sección nº 6 de A Coruña.



Concello de Vigo

Os ditos gastos concréntanse nun importe total de **2.783,00 euros**. Minuta nº 12/2019, de data 04/12/2019, por importe de 1.452,00 euros, Minuta 12/2019 Serie B, por importe de 605,00 euros, Minuta 4/2020, de data 10/02/2020, por importe de 726.00 euros.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1058).- PRÓRROGA DURANTE O ANO 2021 DO “ACORDO MARCO PARA A AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS PARA O SERVIZO DA POLICÍA LOCAL” (XGL 22/06/2017). EXPTE. 36710/220.

Visto o informe de fiscalización do 04/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 24/11/2020, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

En data 17 de novembro de 2020 recíbese na Área de Recursos Humanos e Formación expte. 72494-212 que contén informe proposta asinado polo Intendente da Policía Local e conformado pola Concelleira delegado da Área no que se propon a aprobación pola Xunta de Goberno Local da prórroga durante o ano 2021 do Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 coa modificación puntual do número máximo de xornadas a realizar (3809 xornadas, 182 menos que as autorizadas para o ano 2020 e 403 das autorizadas ano 2019) e o importe máximo das mesmas, que sen contar coa eventual prolongación da xornada de reforzo, nin o previsible incremento salarial, ascendería a 885515,427 €.; todo elo co obxectivo principal de poder acometer de xeito eficaz necesidades ordinarias puntuais e os eventos extraordinarios detallados no apartado V, así coma os que de xeito improvisto poidan acontecer ao longo do ano, ante a insuficiencia dos recursos humanos ordinarios.

Motivase dita petición, entre outros, nas seguintes:

- Carencia de efectivos no Servizo da Policía Local , dada a poboación censada a extensión do seu territorio e a densidade de poboación .
- As funcións das Policías locais reguladas no art. 53 da L.O. 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade, e na Lei 4/07 de Galicia sobre Coordinación das Policías Locais de Galicia.
- A complexidade do espazo urbano en canto a súa extensión, intensidade e variedade de usos; (gran espazo rural, con núcleos de poboación relevantes, zonas verdes, etc)
- O ruído ambiental xerado polo tráfico de vehículos sobre os que se proxectan unhas esixencias técnicas que é indispensable facer cumprir;
- A crecente demanda dos cidadáns de protección do seu dereito á intimidade persoal e familiar e á integridade física nos seus domicilios, tantas veces expostos polas gravísimas inxerencias de fontes sonoras xeradas principalmente por actividades recreativas;
- A preservación das rúas e demais espazos públicos para o seu uso común e xeral polo conxunto da cidadanía, tantas veces ameazado polo uso indebido ou abuso de terceiros (ocupacións con colectores e sacos para cascallos; con estadas, terrazas dos negocios de hostalería, etc.);
- Unha extensa liña de costa cos seus areas de concurrencia masiva nos meses estivais;
- Os fenómenos modernos de grandes concentracións de persoas en espazos públicos non ideados a tal fin e que en non poucas ocasións xeran comportamentos incompatibles coas máis elementais normas de boa veciñanza;
- O fenómeno da venda ambulante ilegal que conocidamente leva implícito a de xéneros de ilícito comercio;
- A execución das ordes xudiciais de afastamento das vítimas de violencia de xénero co Corpo Nacional de Policía.
- A vixilancia estática en edificios e instalacións Municipal,
- As tarefas de carácter administrativo derivadas directamente da súa funcións de vixilancia, denuncia, intervención en conflitos privados e, asimismo, outras tarefas administrativas que resultan alleas coma son os informes de convivencia, expedición de tarxetas de discapacitados, autorización residentes Casco Vello, autorización residentes zona Xer, autorización contenedores, transportes especiais, mudanzas, actos de comunicación xudicial, etc.

Para o exercicio das citadas competencias, que se prestan de xeito integral as 24 horas do día todos os días do ano, o Corpo contará en xaneiro do 2021 con un total de 293 postos de traballo ocupados, aos que habrá que restarlles as xubilacións que se vaian producindo ao cabo do ano. En resumo, a plantilla da Policía Local durante o ano 2021 pode quedarse por debaixo dos 290 postos ocupados.



Concello de Vigo

Como xustificación da proposta sinalase

- garantir a prestación ordinaria das funcións previstas no ordenamento dun xeito eficaz.
- abordar profesionalmente os servizos de carácter extraordinario, mesmo eventos que sin ter ese acusado carácter, demandan gran cantidade de dispositivos policias
- Campañas de prevención.
- Aprobar as petición de disfrute dos días acumulados- horas extraordinarias realizadas por necesidades do servizo- que non se puderon conceder pola Xefatura por quedar os efectivos en servizo por debaixo dos servizos mínimos establecidos en cada sección.

Inclúese no informe mapa de eventos extraordinarios previstos para 2021, sen perjuicio dos que se poidan ir sumando, dada a antelación coa que se expoñen.e que inclúen eventos deportivos , relixiosos, culturais e festivos, vixancias especiais en zonas forestais e áreas,

A estes eventos previstos hai que engadirles os que ao longo do ano se poidan ir sumando (concentracións, manifestacións, folgas, etc), dada a súa continxencia e a imposibilidade de prevelos con esta antelación.

Solicítase a prorroga de dito acordo, coa autorización de 3809 xornadas como máximas, nas circunstancias de realización contempladas no acordo do ano 2017, o que suporá un gasto máximo das mesmas, sen contar coa eventual prolongación da xornada de reforzo, a cantidade 885515,42 €.

Indícase varios obxectivos xerais que se pretenden acadar co programa de ampliación das xornadas de traballo referentes a actuación policial

Nas vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal e Relación de postos de traballo do persoal ao servizo da corporación e dos seus organismos autónomos aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixentes na actualidade, recollen no seu punto terceiro, apartado j) :

- a) Os programas de dispoñibilidade horaria que fose preciso acometer en atención a circunstancias excepcionais que podían concurrir nalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno local e previa elaboración por parte da Unidade Xestora dun estudo da concurrencia de circunstancias motivadoras excepcionais e urxentes, a imposibilidade de reasignación de efectivos e/ou de prestar o servizo cos efectivos existentes e os obxectivos a acadar co dito programa.

Así mesmo, nas Bases de execución do Orzamento vixentes, contemplábase que: no caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fora da xornada laboral, ós efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou dispoñibilidade, existe un plan aprobado, cuantificando o número de xornadas, coste de cada unha delas e custe total. Se comprobará

igualmente que para súa fiscalización se adxunta a certificación do Xefe do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento independente, como mínimo a seguinte información: o nome do empleado que executou as horas ou a xornada, o día en que se fixo, referencia sucinta as necesidades a cubrir, as horas feitas si se trata de gratificación, ou xornadas si se trata de reforzos.

En canto aos demais aspectos, remítese aos informes emitidos polos técnicos da Área de Recursos Humanos con respecto aos expedientes 34002/212 e 34267/212, correspondentes a aprobación dos programas de reforzos dos anos 2009 e 2010 así como en informes anteriores, en canto a necesidade de realización un exhaustivo estudo da organización do servizo en canto a turnos, réxime de descansos, establecemento dos períodos vacacionais e asuntos propios, xornada laboral anual realizada polos diferentes turnos, persoal adscrito as diferentes seccións, réxime horario das distintas quendas, análise do absentismo e da siniestralidade laboral, etc, por si fora necesario realizar axustes nestes parámetros que permitisen optimizar o servizo e que deran lugar a redución das xornadas de reforzo a realizar.

A realización das xornadas de dispoñibilidade aboaranse en concepto de produtividade, concepto que forma parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, recollidas tanto no TREBEP como R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, e esta destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

O programa de dispoñibilidade da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria do 22 de xuño de 2017 (Expte 30140-220), conta coa conformidade sindical, tal e como consta no documento incorporado a dito expediente no trámite nº 21, segundo do disposto no artigo 37 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido 5/2015 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

1.- Prórrogar durante o ano 2021 o Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220) e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria



Concello de Vigo

das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.

2.- Aprobar a realización dun número máximo de xornadas anuais (3809) , sendo o seu custo máximo, sen contar coa eventual prolongación de xornada, de 885515,42€

3.- Delegar na Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal ((Delegación competencial por Decreto de 18/06/2019, 26/06/2019, 02/09/2019 17/08/2020 e acordo da Xunta de Goberno Local de 20/06/2019 04/07/2019 e 06/09/2019), a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización trimestral das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas

4.- A autorización da realización das xornadas de dispoñibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policía Local na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motiva a necesidade de realización de xornadas de dispoñibilidade, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e una vez que por parte da Intervención Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 (Productividade).

5.- A realización das xornadas de reforzo nas condicións previstas no Acordo Marco viran xeradas única e exclusivamente pola execución puntual de campañas preventivas, eventos ou circunstancias sobrevidas polo que non terán carácter estable nin a súa realización será de xeito lineal mensual. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucións de carácter fixo nin periódico

6.- Os posibles acordos que poidan acadarse en canto a reorganizacions e/ou reestructuracions no servizo, aprobadas polo Organo Competente, así como os incrementos da plantilla pola incorporación de efectivos tra-la execución das OEPs, deberá supor necesariamente a minoración no número e no custo das xornadas de dispoñibilidade a realizar, salvo que concurran circunstancias acreditadas da necesidade de acometelas, sendo necesaria a aprobación dun novo "acordo marco" de axuste do programa.

Dése traslado do presente acordo aos correspondentes servizos, Concelleira-delegada da Área, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1059).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA AS BASES DA OEP 17-18-19. EXPTE. 36651/220.

Dáse conta do informe-proposta do 07/12/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral da Área de Recursos Humanos e Formación (instrución 3/12/2020) e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de data 12/03/2020, e previa proposta da Área de RRHH e Formación, de data 10/03/2020, foron aprobadas as Bases Xerais e Específicas reguladoras da convocatoria dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018, e 2019 (1ª Fase da Convocatoria)-Expte: 34733-220- (BOPPO nº 128 de 07/07/2020, DOG nº 160 de 11/08/2020, BOE nº 247 de 16/09/2020).

II.- En data 15/10/2020, o Sr. Pérez González con DNI nº **8987** * e o Sr. Álvarez Salgueiro, con DNI nº **4896** *, en nome propio e en representación da Central Unitaria de Traballadores, interpoñen recurso de alzada (doc nº 200187655) e recurso de reposición (doc nº 200187665) con idéntico contido, contra o referido Acordo da Xunta de Goberno Local.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Con carácter previo, resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Lexitimación.

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición.



Concello de Vigo

No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

En canto a lexitimación dos recorrentes para presentar recurso en nome propio, e indubidable posto que ao tratarse de impugnación das Bases, afecta as súas posibilidades de participar como aspirantes no proceso selectivo que se vai desenvolver, polo que son posibles titulares de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

Polo que respecta a representación da sección sindical CUT, a resposta a ofrece a Sentencia do Tribunal Supremo de 22 de febreiro de 2016 (recaída en el recurso de casación 4156/2014) en relación coas bases dun proceso selectivo, cando afirma: "*...En efecto, la cuestión de la legitimación de las organizaciones sindicales se debe resolver caso por caso atendiendo a cuál sea el objeto de la impugnación a fin de establecer si está en juego el interés profesional cuya defensa persiguen o si en la actuación cuestionada solamente se manifiestan los particulares intereses de las personas afectadas. Por eso, tratándose de procedimientos selectivos, en los supuestos en que se discuta de la conformidad al ordenamiento de una convocatoria o de sus bases o en aquellos otros en que se perciba una instrumentalización de los procedimientos para fines distintos de los que le son propios, la legitimación de los sindicatos habrá de apreciarse, en principio.*

En cambio, cuando solamente esté en juego el particular resultado de unas pruebas selectivas, la regla deberá ser la contraria..."

Estando no primeiro caso, haberá de estimarse a lexitimación do sindicato referido.

III.- Os recorrentes interpoñen recurso de alzada e recurso de reposición con idéntico contido. Indicar que contra os actos administrativos dos órganos decisorios locais que poñen fin á vía administrativa, procede a interposición de recurso de reposición, así o artigo 52 LBRL establece:

"1. Contra los actos y acuerdos de las Entidades locales que pongan fin a la vía administrativa, los interesados podrán ejercer las acciones que procedan ante la jurisdicción competente, pudiendo no obstante interponer con carácter previo y potestativo recurso de reposición.

2. Ponen fin a la vía administrativa las resoluciones de los siguientes órganos y autoridades:
a. Las del Pleno, los Alcaldes o Presidentes y las Juntas de Gobierno, salvo en los casos excepcionales en que una ley sectorial requiera la aprobación ulterior de la Administración del Estado o de la comunidad autónoma, o cuando proceda recurso ante éstas en los supuestos del artículo 27.2..."

IV.- O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado.

Artigo 124: "*El plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse el recurso*

contencioso administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión.”

Pola súa parte o artigo 116 do mesmo corpo legal, determina que “*Serán causas de inadmisión del recurso: ... d) “haber transcurrido el plazo para la interposición del recurso”.*

El artículo 30.4 relativo ao cómputo dos prazos dispón “*Si el plazo se fija en meses o años, éstos se computarán a partir del día siguiente a aquel en que tenga lugar la notificación o publicación del acto de que se trate, o desde el día siguiente a aquel en que se produzca la estimación o desestimación por silencio administrativo.*

El plazo concluirá el mismo día en que se produjo la notificación, publicación o silencio administrativo en el mes o el año de vencimiento. Si en el mes de vencimiento no hubiera día equivalente a aquel en que se comienza el cómputo. Se entenderá que el plazo expira el último día del mes.”

Polo tanto, tratándose de actos expresos, se establece un prazo preclusivo para recorrer dun mes, ben enalzada o ben potestativamente en reposición, en función de que o acto poña fin ou nou á vía administrativa (no caso que nos ocupa, recurso de reposición).

O acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de data 12/03/2020, agora impugnado establecía que “*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a **dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación**, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

Neste caso o acordo referido polo que se aproban as Bases Xerais e Específicas reguladoras da convocatoria dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018, e 2019 (1ª Fase da Convocatoria)- Expte: 34733-220-, foron publicadas no BOP da provincia de Pontevedra nº 128 o día 07/07/2020, sendo interposto o recurso polos recorrentes o 15/10/2020, polo tanto superando con creces o prazo máximo establecido para a interposición do recurso.

Polo tanto, por aplicación dos artigos establecidos procede a inadmisión do recurso por estar interposto fora do prazo establecido.

Atendendo aos fundamentos xurídicos anteriores, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte



Concello de Vigo

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede a inadmisión do recurso presentado por o Sr. Pérez González con DNI nº **8987** * e o Sr. Álvarez Salgueiro, con DNI nº **4896** *, en nome propio e en representación da Central Unitaria de Traballadores.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo aos recorrentes, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1060).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN ESPECIAL-ECONOMISTA PARA NOMEAMENTOS COMO FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015 DO 30 DE OUTUBRO, TREBEP. EXPTE. 36803/220.

Dáse conta do informe-proposta do 07/12/2020, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a técnica de Admón. Xeral (instución do 03/12/2020) e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 18 de xuño de 2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Técnico/a Administración Especial-Economista, expte. 35503/220, que foron publicadas no BOP de Pontevedra nº 131 de data 10 de xullo de 2020.

II.- Por Resolución da Tenente de Alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía Seguridade e Organización Municipal de data 06/11/2020, aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as correspondente á referida Bolsa, órgano de selección, así como do lugar e data do primeiro exercicio do proceso selectivo, expte. 36111/220.

III.- Por Resolución da concelleira-delegada de Organización Municipal de 12/11/2020 resolveuse a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as correspondente á Bolsa de Emprego para nomeamentos interinos de Administrativo/a de Administración Xeral de conformidade co artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, órgano de selección, lugar e da data do primeiro exercicio do proceso selectivo.

Rematado o mesmo, consta na correspondente acta do Órgano de Selección de data 26/11/2020 a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente-:

NÚM. ORDE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
1	ABAD RODRÍGUEZ	OSCAR	***6953**	20,00 puntos
2	CRESPO CIBRÁN	MIGUEL ANGEL	***7342**	19,00 puntos

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, faríase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, orde-



Concello de Vigo

nada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida), aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), e normativa de concordante aplicación.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveu declarar que os aspirantes que superaron tódalas probas de que constaba este proceso selectivo convocado e que, por tanto, formarían parte da bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 19 de setembro de 2019, son os que se sinalan a continuación :

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	GALEGOTOTAL
1	ABAD RODRÍGUEZ	OSCAR	***6953**	9,00	9,00	2,00 20,00
2	CRESPO CIBRÁN	MIGUEL ANGEL	***7342**	7,00	10,00	2,00 19,00

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo aos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo”, exp. te. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demáis normativa de concordante e procedente aplicación.

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*

- *supostos de incapacidade temporal (IT);*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

*As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **3 anos**.*

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

Segundo o criterio manifestado recentemente pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de admitidos/excluídos, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220 e, 36004/220, que non foron sometidos a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo



Concello de Vigo

vo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Técnico/a de Administración Especial-Economista, que inclúe aos/ás aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios/as interinos/as segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	GALEGO	TOTAL
1	ABAD RODRÍGUEZ	OSCAR	***6953**	9,00	9,00	2,00	20,00
2	CRESPO CIBRÁN	MIGUEL ANGEL	***7342**	7,00	10,00	2,00	19,00

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1061).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NOS MESES DE XULLO A AGOSTO DE 2020. EXPTE.2880/341.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/12/2020, asinado polo xefe do Servizo de Museos, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo

Quiñones de León (337) nos meses de XULLO e AGOSTO e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	2783/342: Aluguer material iluminación e eléctrico para a exposición "Silverio Rivas. Mente-materia". SPOT LUX, S.L. RCM 45971.	20/07/20	8.766,45 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2756/341. Reparación de instalacións eléctricas de Casa das Artes e Museo Listo-Etnográfico de Vigo segundo certificado de inspección OCA. ELECTRICIDAD REMESEIRO, S.L. RCM 42869.	06/07/20	3.107,84 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2796/341. Seguro das obras para a exposición "Silverio Rivas. Mente-materia". ARTAI CORREDURÍA. HISCOX SUCURSAL EN ESPAÑA. RCM 48901.	28/07/20	1.057,68 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2780/341. Servizos de transporte especial de pezas da exposición "Silverio Rivas. Mente-materia", na Casa das Artes. GRÚAS DONIZ, S.L. RCM 45422.	17/07/20	12.858,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2779/341. Servizos de produción xeral da exposición "Silverio Rivas. Mente-materia" na Casa das Artes. DAEXGA SERVICIOS INTEGRALES DE GALICIA, S.L. RCM 45420.	17/07/20	16.376,78 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2789/341. Servizo de deseño gráfico e difusión da exposición "Silverio Rivas. Mente-materia". JUAN JOSÉ GALLEGO OUTES. RCM 45424	17/07/20	2.988,70 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2784/341. Servizos de pintado e repintado da exposición de "Silverio Rivas. Mente-materia". CAL BAIXO MIÑO CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L. RCM 47974	23/07/20	3.823,60 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2787/341. Servizos de desmontaxe e montaxe de porta en planta baixa da Casa das Artes para a exposición "Silverio Rivas. Mente-Materia". ASCENSORES ENOR, S.L. RCM 47975	23/07/20	1.144,32 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2790/341. Servizo de fotografado de obras para material gráfico da exposición "Silverio Rivas. Mente-materia". SONIA DAPONTE BUJÁN. RCM 48009	24/07/20	1.234,20 €



Concello de Vigo

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2788/341. Subministración de material gráfico para a exposición "Silverio Rivas. Mente-Materia". PUBLIGAL, S.L. RCM 49199.	28/07/20	4.724,81 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2795/341. Servizo de redacción de textos de Juan Nieves para catálogo da exposición "Silverio Rivas. Mente-materia". JUAN ANTONIO DE NIEVES LAMAS. RCM 49315	30/07/20	650,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2815/341. Contratación de vixilancia de seguridade en centros da Rede de Museos Municipais. Contrato menor de servizos. DN24 2000 SL. RCM 53145.	31/08/20	17.993,83 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2813/341. Conexión á Central Receptora de Alarmas e Acuda en centros da rede de museos do Concello de Vigo. SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, SL. RCM 52519.	25/08/20	4.777,08 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6839/337. Servizo de reparacións varias no Pazo de Castrelos Municipal "Quiñones de León". JOSÉ MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ. RCM 43797	08/07/20	522,72 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6845/337. Restauración da obra "Nena na feira" de M. López Garabal nº prov inventario DEP1/2020. CREA RESTAURACIÓN, S.L. RCM 45620.	17/07/20	1.089,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6807/341. Comisariado da exposición "Castrelos. Doazóns en depósitos 2015-2020". BEATRIZ LIZ DE CEA. RCM 43796	08/07/20	1.996,50 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6808/337. Contrato de servizo de enmarcado obras da exposición "Castrelos. Doazóns en depósitos 2015-2020". MARÍA ELENA CERVIÑO VILA. RCM 43798.	08/07/20	1.289,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6809/337. Contrato de servizo de transporte e montaxe da exposición "Castrelos. Doazóns en depósitos 2015-2020". MARÍA BARRIEGO HERNÁNDEZ. RCM 45419.	17/07/20	2.338,33 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6848/337. Contrato de servizo de deseño gráfico da exposición "Castrelos. Doazóns en depósitos 2015-2020". JUAN FRANCISCO CENTRÓN CASTAÑOS. RCM 45618.	17/07/20	1.739,98 €

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6849/337. Contrato de produción de elementos informativos e publicitarios da exposición "Castrelos. Doazóns en depósitos 2015-2020". DESOÑOS, S.L. RCM 45970.	21/07/20	1.782,73 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6847/337. elaboración de informes de conservación de tres obras de Xaime Quessada solicitadas en préstamo temporal. María Rosa Seoane Gámez. RCM 45617.	17/07/20	399,30 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 3392/330. Servizos de coordinación de seguridade e saúde para as obras de reparacións varias na Pinacoteca FFR. BELÉN FERNÁNDEZ QUINTEIRO. RCM 42579	02/07/20	605,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 3393/330. Servizos de produción técnica para ciclo de corais no Verbum XULLO-OUTUBRO. JOSÉ MANUEL MUÍÑOS RODRÍGUEZ. RCM 42718	03/07/20	1.960,20 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte 6852/337. Actuación de Belén Bermejo e grupo no Pazo de Castrelos dentro do programa de Noite Branca 2020. SIRGO TORCENDO S.L. RCM 50224.	06/08/20	2.178,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6856/337. Contrato de restauración de marcos das obras "EPITAFIO", "VIETNAM" e "PARELLA" de XAIME QUESSADA. MARÍA ROSA SEOANE GÁMEZ. RCM 52405.	24/08/20	399,30 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

15(1062).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, A TRAVÉS DE PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA BARBÓN, ENTRE A RÚA ROSALÍA DE CASTRO E A RÚA ISAAC PERAL". EXPTE. 664/441.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización, ambos do 03/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 02/12/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 05/07/2017, resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de de humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral a prol da empresa FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLÉS Y ASOCIADOS, S.L.P. (B36710168).

2º.- Os Arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Manuel Portolés Sanjuan e D. Francisco Javier Garcia-Quijada presentan borrador do proxecto "HUMANIZACIÓN DA AVDA. GARCÍA BARBÓN, ENTRE A RÚA ROSALÍA DE CASTRO E A RÚA ISAAC PERAL" cun orzamento base de licitación de cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CENTO NOVENTA E SETE MIL CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.197.043,98 €).

3º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 18/09/2020, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 21/09/2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 24/09/2020 aprobou o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA AVDA. GARCÍA BARBÓN, ENTRE A RÚA ROSALÍA DE CASTRO E A RÚA ISAAC PERAL" redactado polos Arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Manuel Portolés Sanjuan e D. Francisco Javier Garcia-Quijada, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CENTO NOVENTA E SETE MIL CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.197.043,98 €) e con sinatura dixital de data xullo 2020.

4º.- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 12/11/2020, aprobou inicialmente o expediente núm. 680/441, aprobación inicial da modificación orzamentaria núm. 63/2020 – crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais . Na mesma se contempla a aplicación 1532.619.00.61 "Human. G.Barbón (Ros.Castro-I.Peral)", cun importe de 2.197.043,98 euros.

5º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24/09/2020 que se corresponde cos expediente administrativo 3801/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Manuel Portolés Sanjuan e D. Francisco Javier Garcia-Quijada, con sinatura dixital de data xullo 2020.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en datas 14/10/2020 e 15/10/2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 15/10/2020.
- D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 29/10/2020.

- E) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 27/11/2020
- F) Informe favorable sobre a existencia de crédito en relación coa memoria económica presentada, asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria en data 30/11/2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 01/12/2020.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 13/11/2020.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación en data 01/12/2020.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 18/09/2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- En canto a tramitación anticipada de expedientes de contratación para as Entidades Locais, o apartado 2º da Disposición adicional terceira da LCSP establece que poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á



Concello de Vigo

condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.

Por tanto, desde a entrada en vigor da LCSP, e coas condicións que determina a Disposición adicional terceira da mencionada norma, as Corporacións Locais están habilitadas para utilizar a figura da contratación anticipada.

Quinto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril)

Sexto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP)

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de **"HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA BARBÓN, ENTRE A RÚA ROSALÍA DE CASTRO E A RÚA ISAAC PERAL"**, redactado polos Arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Manuel Portolés Sanjuan e D. Francisco Javier Garcia-Quijada, cun orzamento base de licitación máis IVE de **DOUS MILLÓNS CENTO NOVENTA E SETE MIL CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.197.043,98 €)**.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 01/12/2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUS MILLÓNS CENTO NOVENTA E SETE MIL CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.197.043,98 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 381.305,15 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.61 (Humn. G.Barbón (Ros.Castro-I.Peral)), provinte da modificación orzamentaria núm. 63/2020, crédito extraordinario (expediente 680/441), segundo a distribución de anualidades proposta.

2020	2.197.043,98 €
TOTAL	2.197.043,98 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1063).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, A TRAVÉS DE PROCEDIMIENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DAS OBRAS DE "REFORMA DA INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NO PARQUE DE CASTRELOS". EXPTE. 631/441.

Visto o informe xurídico do 03/12/2020 e o informe de fiscalización do 04/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 02/12/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 02/11/2018, resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de de reforma da instalación de iluminación pública no parque de Castrelos a prol da empresa Nortap Ingenieros (B36426591).

2º.- A empresa Nortap Ingenieros presenta, trala fase de supervisión de borrador, proxecto de "REFORMA DA INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NO PARQUE DE CASTRELOS", redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, D. Ramón Docampo Alonso, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS VINTE E DOUS MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (622.680,73 €).

3º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 30/04/2020, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 05.05.2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 14/05/2020 aprobou o proxecto de "REFORMA DA INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NO PARQUE DE CASTRELOS" redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, D. Ramón Docampo Alonso cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS VINTE E DOUS MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (622.680,73 €) e con sinatura dixital de data 27/04/2020.

4º.- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 12/11/2020, aprobou inicialmente o expediente núm. 680/441, aprobación inicial da modificación orzamentaria núm. 63/2020 –



Concello de Vigo

crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais . Na mesma se contempla a aplicación 1650.619.00.60 (Iluminación Parque Castrelos), cun importe de 622.680,73 €.

5º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 14/05/2020 que se corresponde co expediente administrativo 4678/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, D. Ramón Docampo Alonso, con sinatura dixital de data 27/04/2020.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en data 19/09/2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 21/09/2020.
- D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada pola Enxeñeira Industrial en data 29/10/2020.
- E) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30/11/2020.
- F) Informe favorable sobre a existencia de crédito en relación coa memoria económica presentada, asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria en data 30/11/2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 01/12/2020.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 11/11/2020.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación en data 02/12/2020.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 30/04/2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- En canto a tramitación anticipada de expedientes de contratación para as Entidades Locais, o apartado 2º da Disposición adicional terceira da LCSP establece que poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.

Por tanto, desde a entrada en vigor da LCSP, e coas condicións que determina a Disposición adicional terceira da mencionada norma, as Corporacións Locais están habilitadas para utilizar a figura da contratación anticipada.

Quinto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP)

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "REFORMA DA INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NO



Concello de Vigo

PARQUE DE CASTRELOS", redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, D. Ramón Do-campo Alonso, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS VINTE E DOUS MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (622.680,73 €).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 02/12/2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS VINTE E DOUS MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (622.680,73 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 108.068,56 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1650.619.00.60 (Iluminación Parque Castrelos), provinte da modificación orzamentaria núm. 63/2020, crédito extraordinario (expediente 680/441), segundo a distribución de anualidades proposta.

2020	622.680,73 €
TOTAL	622.680,73 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1064).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, A TRAVÉS DE PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DAS OBRAS DE "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUCTURA, ADAPTACIÓN CONTRA INCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL – LAVADORES". EXPTE. 639/441.

Visto o informe xurídico do 03/12/2020 e o informe de fiscalización do 04/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 02/12/2020, asinado polo xefe do Servizo administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 14/07/2017, resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de “REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRAINCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES” a prol da arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez, colexiada 4587, do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

2º.- Dna. Iria Urdampilleta Pérez presenta proxecto de “REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRAINCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS VINTE E SEIS MIL CENTO DEZASEIS EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (426.116,78 €).

3º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 16/10/2019, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 21/10/2019, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 07/11/2019 aprobou o proxecto de “REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRAINCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES” redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS VINTE E SEIS MIL CENTO DEZASEIS EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (426.116,78 €) e con sinatura dixital de data 16/10/2019.

4º.- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 12/11/2020, aprobou inicialmente o expediente núm. 680/441, aprobación inicial da modificación orzamentaria núm. 63/2020 – crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais . Na mesma se contempla a aplicación 9330.632.00.60 (Mellora do edificio P. Central Sta.Cristina)”, cun importe de 426.116,78 euros.

5º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 07/11/2019 que se corresponde co expediente administrativo 4235/443 e que inclúe o Prego de Prescricións Técnicas redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en data 21/09/2020.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 21/09/2020.

D) Acta de replanteo dos correspondentes proxectos asinada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal en data 29/10/2020

E) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30/11/2020.



Concello de Vigo

- F) Informe favorable sobre a existencia de crédito en relación coa memoria económica presentada, asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria en data 30/11/2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 01/12/2020.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 12/11/2020.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación en data 02/12/2020.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 16/10/2019) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- En canto a tramitación anticipada de expedientes de contratación para as Entidades Locais, o apartado 2º da Disposición adicional terceira da LCSP establece que poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.

Por tanto, desde a entrada en vigor da LCSP, e coas condicións que determina a Disposición adicional terceira da mencionada norma, as Corporacións Locais están habilitadas para utilizar a figura da contratación anticipada.

Quinto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRAINCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES", redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS VINTE E SEIS MIL CENTO DEZASEIS EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (426.116,78 €).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 02/12/2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS VINTE E SEIS MIL CENTO DEZASEIS EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (426.116,78 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 73.954,15 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9330.632.00.60 (Mellora do edificio P. Central Sta.Cristina), provinte da modificación orzamentaria núm. 63/2020, crédito extraordinario (expediente 680/441), segundo a distribución de anualidades proposta.

2020	426.116,78 €
TOTAL	426.116,78 €



Concello de Vigo

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1065).- NULIDADE DA RESOLUCIÓN DA DIRECTORA DE AUGAS DE GALICIA, DE 26 DE NOVEMBRO DE 2020, DE ACTUALIZACIÓN DOS ORGANIGRAMAS E DIRECTORIOS DE PERSOAL DAS NORMAS DE EXPLOTACIÓN E DO PLAN DE EMERXENCIA DA PRESA DE EIRAS, E NOMEAMENTO DO DIRECTOR DE EXPLOTACIÓN E DO PLAN DE EMERXENCIA. EXPTE. 728/441.

Dáse conta do informe-proposta do 04/12/2020, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 26 de novembro de 2011 tivo entrada nesta administración municipal escrito do xefe do Servizo de Execución da Planificación e Explotación de Sistemas de Augas de Galicia no que comunica ao concello de Vigo a resolución da directora de Augas de Galicia, da mesma data, que aproba: 1. Actualizar o organigrama en Explotación Ordinaria e Organigrama en Explotación de Avenida e Organigrama do Plan de Emerxencia incorporados nas Normas de Explotación e Plan de Emerxencia da presa de Eiras, nos termos que se establecen no Anexo I da presente proposta; 2. Designar como director de Explotación e director do Plan de Emerxencia da presa de Eiras a D. José Ares Espiñeira, enxeñeiro de camiños, canais e portos, colexiado núm. 18008 revocándose calquera outro nomeamento anterior; 3. Actualizar o directorio incluído no Apéndice 3 do Tomo II das Normas de Explotación da Presa de Eiras, nos termos que constan no Anexo II á presente proposta; 4. Actualizar os directorios incluídos nos Apéndices 2,3 e 4 do Tomo I do Plan de Emerxencia da Presa de Eiras, nos termos que figuran no Anexo III á presente proposta; 5. Os Anexos I, II e III, unha vez aprobada a presente proposta, incorporaranse ás Normas de Explotación e ao Plan de Emerxencia, do que formarán parte integrante; e 6. Notificar esta resolución á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pertencente á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza, ao Concello de Vigo e ao resto de interesados no procedemento.

2. Esta resolución é consecuencia da adxudicación por Augas de Galicia a mercantil Ain Active Om, S.L. do contrato de servizos para a explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras, en Fornelos de Montes; contrato de servizos que esta Administración municipal impugnou ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso contencioso administrativo número 7156/2020, por ser a esta Administración local á que corresponde e a que ven realizando a explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e non Augas de

Galicia, o que determina a súa nulidade. O procedemento do recurso contencioso administrativo atópase pendente da interposición da demanda.

3. O que pretende a devandita resolución é substituír o persoal da concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, dedicado a explotación, mantemento e conservación do encoro de Eiras, polo persoal da mercantil Ain Active Om, S.L., adxudicataria do contrato de servizos para a explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras, en Fornelos de Montes, e, daquela, expulsar ao concello de Vigo da posesión que —a través da súa concesionaria do servizo de augas— ostenta da presa de Eiras aos efectos da súa explotación, conservación e mantemento e asumir así de feito a explotación da presa que corresponde e ven desenvolvendo o concello de Vigo, a través da concesionaria do servizo Aqualia FCC Vigo UTE.

Dita resolución considérase contraria a Dereito en base as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Cómpre volver a recordar aquí que: (i) do texto da Resolución da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas do Ministerio de Obras Públicas, de 31 de xullo de 1962, publicada no BOE de 17 de agosto de 1962, resulta que a explotación do encoro de Eiras, tras a súa posta en funcionamento, correspondía e foi asumida polo Concello de Vigo: a autorización ao concello de Vigo polo entón Ministerio de Obras Públicas ao Concello de Vigo o era «*1ª (...) para aprovechar del río Oitaven aguas mediante la creación de un embalse regulador de unos seis millones de metros cúbicos en las proximidades del lugar de Eiras, en terminos de Fanelos de Montes y Puente Caldelas (Pontevedra) con destino a la ampliación del abastecimiento de aguas de la ciudad*», precisando que «*11ª.-El Ayuntamiento concesionario queda obligado a cumplir, tanto en la construcción como en la explotación, las disposiciones de la Ley de Pesca Fluvial para conservación de las especies (...)*» e que «*17ª. El Ayuntamiento concesionario queda obligado a tener las obras en perfecto estado de conservación, evitando toda clase de filtraciones que puedan originar perjuicio a tercero*». Á Comisaría de Aguas del Norte de España correspondía «La inspección y vigilancia de las obras e instalaciones, tanto durante la construcción como en el período de explotación del aprovechamiento»; (ii) que o concello de Vigo inicialmente operou e explotou a presa e prestou o servizo de abastecemento e saneamento de auga ao municipio directamente e sen órgano especial de administración; que posteriormente, o Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 30 de marzo de 1981, acordou transformar a forma de prestación do servizo municipalizado de augas para pasar a prestalo mediante xestión directa da Corporación, a través de sociedade privada municipal, a Empresa Municipal de Augas de Vigo, S.A.; (iii) que por Real Decreto 2792/1986, de 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de obras hidráulicas, a Administración do Estado transpasou á Comunidade Autónoma os dereitos e obrigas que á primeira correspondían en relación coa presa de Eiras, entre os que so se contaba a inspección e vixianza da presa, pero non a súa explotación, mantemento e conservación, que correspondía ao Concello de Vigo, a virtude do título concesional, sen que tal explotación, conservación e mantemento, fora asumida de feito, en ningún momento, pola Administración hidráulica do Estado; (iv) que disolta e liquidada a empresa municipal de augas que prestaba o servizo de abastecemento e saneamento de augas á Vigo e que, como prestación incluída no servizo, operaba e explotaba o encoro de Eiras, o servizo pasou a prestarse, a partir do 8 de xaneiro de 1991, en réxime de concesión administrativa, pola UTE Seragua-Focsa, actualmente "FCC AQUALIA, S.A. Y FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., Ley



Concello de Vigo

18/1982, DE 26 DE MAYO", abreviadamente "FCC AQUALIA VIGO, U.T.E."; (v) que, daquela, as prestacións, obxecto do contrato adxudicado por Augas de Galicia xa están sendo realizadas pola concesionaria do servizo municipal de augas, en virtude do contrato de xestión de servizos concertado entre esta e o concello de Vigo para a xestión integral do abastecemento e saneamento de augas ao termo municipal de Vigo; que este contrato de xestión, en forma de concesión do servizo público de augas de Vigo inclúe a explotación, mantemento e conservación do encoro de Eiras; funcións corresponden ao concello de Vigo, desde o inicio do funcionamento da presa, a virtude do título concesional e que —temos que volver a insistir— non foron obxecto de transferencia á Administración autonómica polo Real Decreto 2792/1986, de 30 de decembro, porque este decreto transferiu os dereitos e obrigas das que era titular o Estado en relación, no que aquí importa, coa presa de Eiras, e entre elas so estaba a inspección e vixianza da presa, pero non a explotación, conservación e mantemento, que correspondía ao concello de Vigo, que é quen ven realizando tales funcións desde a posta en funcionamento do encoro, directamente ou, como sucede na actualidade, indirectamente, a través da concesionaria do servizo de augas da cidade; (vi) que tales circunstancias fan inválido o expediente de contratación e a adxudicación do contrato adxudicado pola Administración hidráulica para a explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións e (vii) que aínda que as Normas de Explotación da presa nomean Director de Explotación a un funcionario ou contratado laboral de Augas de Galicia, con funcións de supervisión e vixianza do encoro —que son as que corresponden a Augas de Galicia, como Administración competente nesta bacía intracomunitaria, a virtude do decreto de transmisión de funcións—, as mesmas normas recoñecen que a explotación material e as tarefas de conservación e mantemento do encoro se realizan de feito polo concello de Vigo, a través da súa concesionaria.

SEGUNDA.- A devandita resolución da Directora de Augas de Galicia, de 26 de novembro de 2020, constitúe, tal e como vai arriba dito, un paso máis no propósito de Augas de Galicia de expulsar ao concello de Vigo da posesión que, a través da súa concesionaria do servizo de augas, ostenta da presa de Eiras aos efectos da súa explotación, conservación e mantemento, pero o certo é que tal resolución, como a contratación da mercantil Ain Active Om, S.L para a explotación, mantemento e conservación da presa, o que realmente fan é por de relevo que a explotación, mantemento e conservación do encoro de Eiras non era desenvolvido por Augas de Galicia e sí por Aqualia FCC Vigo UTE, que é a mercantil substituída pola contratada por Augas de Galicia para desenvolver a explotación, conservación e mantemento da presa.

TERCEIRA.- Chama, tamén, poderosamente a atención a abusiva pretensión de Augas de Galicia, que, dunha parte, nega que o concello de Vigo explote o encoro e lle reclama o pago do canon de regulación por este; pero, doutra, válese, para a explotación da presa que se atribúe, da actividade de Aqualia FCC Vigo UTE, concesionaria do servizo municipal de augas, que paga o concello de Vigo. Isto é pretende cobrar a taxa por unha actividade que paga o Concello de Vigo; pago do Concello, que, de ser esixible a taxa, debería compensarse con esta.

CUARTA.- Por último, cómpre subliñar aquí que a pretensión de Augas de Galicia de que a mercantil contratada por esta pase a entrar en posesión da presa e a ocupar esta como explotadora é inadmisíbel en ausencia dun procedemento contradictorio que, con audiencia ao concello de Vigo e a súa concesionaria de augas, culmine cunha resolución firme na que se

dispoña a cesación da situación de feito e de dereito actual de explotación, conservación e mantemento do encoro de Eiras polo concello de Vigo a través da súa concesionaria do servizo de augas e a atribución destas funcións a favor de Augas de Galicia, pois noutro caso estaríamos en presenza dunha vía de feito por parte de Augas de Galicia.

QUINTA.- A resolución da Directora de Augas de Galicia non expresa os recursos procedentes contra a mesma. Os Estatutos da dita entidade establecen, no seu artigo 36, que «Os actos administrativos da Dirección da entidade poderán ser recurridos en alzada ante a Presidencia, excepto que foran ditados por delegación desta»; porén o artigo 44 LRXCA establece que o artigo 44 LRXCA, de acordo coa cal: «1. En los litigios entre Administraciones públicas no cabrá interponer recurso en vía administrativa. No obstante, cuando una Administración interponga recurso contencioso-administrativo contra otra, podrá requerirla previamente para que derogue la disposición, anule o revoque el acto, haga cesar o modifique la actuación material, o inicie la actividad a que esté obligada. (...) 2. El requerimiento deberá dirigirse al órgano competente mediante escrito razonado que concretará la disposición, acto, actuación o inactividad, y deberá producirse en el plazo de dos meses contados desde la publicación de la norma o desde que la Administración requirente hubiera conocido o podido conocer el acto, actuación o inactividad».

Se ben entendemos que estamos aquí no caso do artigo 44 LRXCA, a fin de evitar a obxeción de falta de esgotamento da vía administrativa, por cautela procesual e nos termos que de seguido se dirán proponse, polas razóns arriba expostas, á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Interpoñer recurso de alzada e, para o caso de resultar este improcedente, tener por formulado requirimento de anulación contra a resolución da directora de Augas de Galicia, de 26 de novembro de 2020, pola que se aproba: 1. Actualizar o organigrama en Explotación Ordinaria e Organigrama en Explotación de Avenida e Organigrama do Plan de Emerxencia incorporados nas Normas de Explotación e Plan de Emerxencia da presa de Eiras, nos termos que se establecen no Anexo I da presente proposta; 2. Designar como director de Explotación e director do Plan de Emerxencia da presa de Eiras a D. José Ares Espiñeira, enxeñeiro de camiños, canais e portos, colexiado núm. 18008 revocándose calquera outro nomeamento anterior; 3. Actualizar o directorio incluído no Apéndice 3 do Tomo II das Normas de Explotación da Presa de Eiras, nos termos que constan no Anexo II á presente proposta; 4. Actualizar os directorios incluídos nos Apéndices 2,3 e 4 do Tomo I do Plan de Emerxencia da Presa de Eiras, nos termos que figuran no Anexo III á presente proposta; 5. Os Anexos I, II e III, unha vez aprobada a presente proposta, incorporaranse ás Normas de Explotación e ao Plan de Emerxencia, do que formarán parte integrante; e 6. Notificar esta resolución á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pertencente á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza, ao Concello de Vigo e ao resto de interesados no procedemento.

Segundo.- Solicitar a suspensión da executividade da resolución impugnada.

Terceiro.- Facultar ao concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos para a sinatura do recurso.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1066).- SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (FEPROHOS) PARA O CONTROL DO GRAO DE CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS HIXIÉNICO SANITARIAS CONTRA O COVID-19 NA HOSTELERÍA DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 7783/104.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 07/12/2020, dáse conta do informe-proposta do 07/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Turismo, a concelleira-delegada da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Concelleira-delegada da área de Turismo e Xuventude resolveu en data de decembro de 2020 se iniciase o expediente de subvención correspondente, para o financiamento do control do grao de cumprimento das medidas hixiénico sanitarias contra a Covid-19 na hostalería da cidade de Vigo.

O proxecto “Asesores Covid-19” consiste en revisar, corregir e mellorar as deficiencias o grao de cumprimento das medidas hixiénico sanitarias contra a Covid-19 nos establecementos hoteleiros, cafeterías, bares e restaurantes da cidade de Vigo. Así como medir mediante enquisas e visitas o grao de cumprimento dos establecementos vigueses con respecto as medidas sanitarias hixiénicas requiridas na actual situación de pandemia, proporcionar ao Concello de Vigo unha liña de información actualizada e continua sobre a situación do sector hostaleiro, e mellorar e corrixir o cumprimento da normativa do sector hostaleiro de Vigo.

A Federación de Empresarios de Hostelería da Provincia de Pontevedra é unha entidade sen ánimo de lucro, que conta con personalidade xurídica e capacidade de obrar, cuxo obxectivo é coordinar, representar, xestionar, fomentar e defender os intereses comúns dos empresarios e profesionais que nela se integran. Como fins xerais, ten a xestión e defensa dos intereses comúns dos seus asociados, do sector da hostalería e o turismo.

O carácter turístico atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.h e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo vén levando a cabo a promoción da cidade de Vigo identificada a un turismo de calidade, de ahí o selo de calidade que avala a nosa oficina de información turística, e que agora queremos converter nun destino seguro fronte a COVID-19.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación da concesión dunha subvención por interese xeral. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subven-

cións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non ten carácter oneroso ao non existir intercambio de prestacións polo que está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de contratos do Sector Público sendo de aplicación a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

O obxecto deste convenio é o control do cumprimento de medidas hixiénico sanitarias contra a COVID-19 na hostalería de Vigo.

DOCUMENTACIÓN

A Federación de empresarios de hostalaría da Provincia de Pontevedra achega a seguinte documentación:

- Proxecto de actividade. (Anexo I)
- Presuposto de Ingresos e Gastos. (Anexo I)
- Estatutos da entidade, acta fundacional, acta representación, CIF e DNI do representante.
- Certificado ATRIGA y Seguridade Social, AGTE e do Concello de Vigo.
- Declaración No solicitude de Axudas y Declaración no estar incursos en Prohibición de Solicitar y recibir axudas por parte de las administracións públicas.
- Certificado Titularidade Conta Bancaria.
- Solicitude de aboamento anticipado do 50% do importe do convenio.
- Conformidade ao proxecto do convenio.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.c da Lei 38/2003, que recolle "*Con carácter excepcional, "aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outra debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública"*.

No orzamento municipal da alcaldía prevese a partida orzamentaria 9120.4890004 "Outras Subvencións" na que por motivos de interese xeral, destinarase o importe de 75.000€ ao Convenio de Colaboración entre a Federación de Empresarios de Hostalería da Provincia de Pontevedra e o Concello de Vigo para o control do cumprimento de medidas hixiénico sanitarias contra a COVID-19 na hostalería de Vigo, correspondendo o importe de 37.500€ á anualidade 2020 e o importe de 37.500€ á anualidade 2021.

No expediente consta decreto da Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de autorización do gasto (Nº Doc 200255249).



Concello de Vigo

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área Turismo e Xuventude para asinar o citado convenio, virtude do decreto da Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño e 4 de xullo de 2019, modificadas por resolución de 17 de agosto de 2020

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Turismo e Xuventude e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Empresarios de Hostalaría da Provincia de Pontevedra, CIF G36614907, para o control do cumprimento de medidas hixiénico sanitarias contra o COVID-19 na hostalería de Vigo que se transcribe como anexo a este acordo.

SEGUNDO.- Que se autorice un gasto por importe de 75.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Federación de Empresario de Hostalaría da Provincia de Pontevedra, con cargo á aplicación presupostaria 9120.4890004 "Outras Subvencións" do programa presupostario da Alcaldía, correspondendo o importe de 37.500€ á anualidade 2020 e o importe de 37.500€ á anualidade 2021.

TERCEIRO,- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso e Información Pública e Bo Goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACION PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (F E P R O H O S) , PARA O CONTROL DO GRADO DE CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS HIXIÉNICOS SANITARIAS CONTRA A COVID-19 DO SECTOR DA HOSTALERÍA DA CIDADE DE VIGO.

En Vigo, de de dous mil vinte

REUNIDOS

Dunha parte, dona **MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO**, na súa calidade de **CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE TURISMO E XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO**, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e de acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño y 4 de xullo de 2019, modificadas por resolución de 17 de agosto de 2020; con enderezo na Praza do Rei, nº 1, CP 36202, no exercicio das facultades e demais función que lle foron concedidas por razón do seu cargo.

Doutra, don **CESAR CLEMENTE SÁNCHEZ-BALLESTEROS** con D.N.I 05265040-H, en calidade de Presidente da **FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE PONTEVEDRA**, con CIF: G-36614907, actuando en nome e representación da devandita Fundación segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, e con enderezo na avenida García Barbón, 90 - 1º D da cidade de Vigo.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a Federación Provincial de Empresarios de Hostalería de Pontevedra (en adiante FEPROHOS) é unha entidade sen ánimo de lucro, que conta con personalidade xurídica e capacidade de obrar, cuxo obxectivo é coordinar, representar, xestionar, fomentar e defender os intereses comúns dos empresarios e profesionais que nela se integra

Como fins xerais, ten a xestión e defensa dos intereses do sector da hostalería e promover o desenvolvemento económico e social do sector da hostalería e o turismo.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción do turismo, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución do programa da Federación FEPROHOS, concretamente para o control do grado de cumprimento das medidas hixiénicas sanitarias contra a COVID-19 do sector da hostalería da cidade de Vigo.

III.- Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición de mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.



Concello de Vigo

IV.- Que o obxectivo do presente convenio é a formación e implantación das medidas que permitan reducir o contaxio pola COVID-19.

V.- Que a Federación FEPROHOS con CIF G-36614907, non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei xeral de subvencións e específica de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

VI.- A subvención que vai percibir FEPROHOS ten o tratamento de subvención de concesión directa, en aplicación do previsto no artigo 22,2. c) da Lei Xeral de Subvencións. Neste sentido o artigo 22.2 da citada Lei indica que, "poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

b). Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por una norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, "aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outra debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública".

No presente caso, como se deduce do exposto nos antecedentes deste informe, estamos ante o suposto contemplado na letra c do mencionado artigo 22.2 de la Lei Xeral de Subvencións por razóns expostas.

VII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvención, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión con arranxo as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O presente Convenio de Colaboración ten por obxecto articular o oportuno instrumento xurídico en virtude do cal o CONCELLO DE VIGO, no ámbito das súas competencias e con cargo aos seus orzamentos municipais, transfere a FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA (FEPROHOS) o importe de 75.000,00 € (setenta e cinco mil euros) ao obxecto de que sexan dispostos pola devandita Federación en orde a desenvolver o programa na área de Vigo no sector da hostalería, asumindo a seguintes obrigas, conforme co proxecto (Anexo I) presentado por FEPROHOS:

- Controlar o grado de cumprimento das medidas hixiénico sanitarias, a través de visitas anónimas, visitas correctivas e posteriores visitas de control no caso de incumprimento.
- Mellorar e corrixir as deficiencias, para o cumprimento das medidas hixiénico sanitarias contra a COVID-19 nos establecementos hoteleiros, cafeterías, bares e restaurantes da cidade de Vigo.
- Medir mediante enquisas e verificacións o grao de cumprimento dos establecementos vigueses con respecto as medidas sanitarias hixiénicas requiridas na actual situación de pandemia.
- Proporcionar ao Concello de Vigo unha liña de información actualizada e continua sobre a situación do sector hostaleiro, e mellorar o cumprimento da normativa do sector hostaleiro de Vigo.
- Recoñecemento do correcto cumprimento do establecemento por parte de FEPROHOS e o Concello de Vigo, cun sistema de pegatinas que conterán un código Qr, con acceso a un listado de establecementos recoñecidos par evitar falsificacións.
- Elaboración de informes mensuais e seguimento, así como aqueles que solicite o concello de Vigo.
- Asesoramento aos establecementos visitados.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, aportado pola Federación FEPROHOS incorpora o presuposto xeral de gastos do proxecto obxecto do mesmo, polo importe total de 75.000,00 € (setenta e cinco mil euros).

O Concello de Vigo financiará a totalidade dos gastos que se deriven do presente convenio de colaboración coa cantidade de 75.000,00 € (setenta e cinco mil euros).

Este financiamento realizarase con cargo á aplicación presupostaria 9120.4890004 “Outras Subvencións” do presuposto municipal da Alcaldía.

Esta subvención no será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- PRAZO DE EXECUCION

FEPROHOS, beneficiaria da subvención, terá catro meses e medio de prazo para a execución das actuacións, dende a apertura dos establecementos de restauración, para dar cum-



Concello de Vigo

primemento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Non obstante este prazo poderá modificarse en base as medidas restritivas en materia COVID-19 que dite a autoridade sanitaria.

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- FEPROHOS queda obrigada á celebración das referidas actuacións, e a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente.

Comprometéndose a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o obxecto do convenio.
- Ter información actualizada e continua sobre a situación do sector hostaleiro durante o período de aplicación do convenio.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos das accións obxecto do presente convenio que se trata dunha actuación con financiamento do Concello de Vigo, polo que deberá incluír o logo do Concello de Vigo sempre debendo contar coa conformidade con anterioridade a realizar calquera publicación.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- O Concello de Vigo comprométese ao financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.

QUINTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria ó Concello de Vigo.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o 1 de novembro de 2021. Transcurrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada

aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Federación FEPROHOS, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención a e aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, e conterá con carácter xeral a seguinte documentación:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) **Memoria económica** xustificativa do custe das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención de dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.



Concello de Vigo

SÉTIMA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención se realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES3720800521483040014635, entidade bancaria ABANCA da que é titular a entidade beneficiaria.

Non obstante, FEPROHOS poderá solicitar pagamento anticipado da subvención concedida de ata o 50% do importe concedido, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención e posterior firma do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais e dar cobertura ás súas necesidades de liquidez durante a execución do convenio.

Así mesmo, prevese un segundo pago do 25% do importe, que aboarase no cuarto mes de execución do convenio, unha vez presentadas as xustificacións correspondentes ao primeiro pago previstas na clausula sexta

Por último, prevese un terceiro pago do 25% do importe, que aboarase aos oito meses de execución do convenio, unha vez presentadas as xustificacións previstas na clausula sexta.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a aportada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

OITAVA.- SUBCONTRATACIÓN

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítese a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

NOVENA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Turismo do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Turismo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMERA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, FEPROHOS quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

DÉCIMO CUARTA.- RESOLUCION DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calqueira das partes poderá notificar a parte incum-



Concello de Vigo

pidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

4.- Por calqueira outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO QUINTO.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO SEXTO.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO SÉTIMA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia

e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

A concelleira delegada da area
sarios de de Turismo e Xuventude

María del Carmen Lago Barreiro

O presidente da Federación de Empre-
Hostalería de Pontevedra

Cesar Clemente Sánchez-Ballesteros

20(1067).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 12951/407.

Dáse conta do informe-proposta do 30/11/2020, da técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos, conformado polo xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo impuxéronse multas que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo "a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio".

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

1	Expediente 20012/423 (NIF *****218V)	1.000,00 euros
2	Expediente 19172/423 (CIF V*****590)	1.000,00 euros
3	Expediente 19977/423 (NIF *****459T)	1.000,00 euros



Concello de Vigo

4 Expediente 20083/423 (CIF V*****590)	1.000,00 euros
5 Expediente 19805/423 (NIF *****396J)	1.000,00 euros
6 Expediente 20141/423 (NIF *****751B)	1.000,00 euros
7 Expediente 15951/423 (NIF*****476X)	1.000,00 euros
8 Expediente 18548/423 (NIF *****313B)	2.000,00 euros
9 Expediente 543/435 (CIF A*****158)	1.500,00 euros
10 Expediente 954/426 (CIF B*****803)	4.000,00 euros
11 Expediente 955/426 (CIF B*****803)	2.000,00 euros
12 Expediente 14912/423 (CIF B*****803)	6.000,00 euros
13 Expediente 1572/435 (CIF H*****250)	300,00 euros
14 Expediente 844/435 (NIF *****911F)	300,00 euros
15 Expediente 1034/435 (NIF *****349H)	5.000,00 euros
16 Expediente 1034/435 (NIF *****401F)	5.000,00 euros
17 Expediente 20411/423 (CIF V*****590)	1.000,00 euros
18 Expediente 2378/435 (CIF B*****567)	1.000,00 euros
19 Expediente 2576/426 (NIF *****919P)	1.000,00 euros
20 Expediente 2576/426 (NIF *****119Z)	1.000,00 euros
21 Expediente 2576/426 (NIF *****769H)	1.000,00 euros
22 Expediente 780/435 (*****730L)	1.000,00 euros
23 Expediente 1100/426 (NIF *****036B)	1.000,00 euros
24 Expediente 1100/426 (NIF *****426B)	1.000,00 euros
25 Expediente 1100/426 (NIF *****472Q)	1.000,00 euros
26 Expediente 1100/426 (NIF *****296L)	1.000,00 euros
27 Expediente 1362/435 (NIF B*****132)	4.000,00 euros
28 Expediente 1236/435 (NIF *****560J)	600,00 euros
29 Expediente 1236/435 (NIF *****431K)	600,00 euros
30 Expediente 1677/426 (CIF B*****567)	3.000,00 euros
31 Expediente 4315/426 (CIF B*****188)	2.000,00 euros
32 Expediente 1166/435 (NIF *****876Y)	1.000,00 euros
33 Expediente 1188/435 (NIF *****990S)	500,00 euros
34 Expediente 1188/435 (NIF *****433R)	500,00 euros
35 Expediente 1032/435 (CIF B*****774)	3.500,00 euros
36 Expediente 3330/426 (CIF B*****092)	1.500,00 euros
37 Expediente 866/435 (CIF E*****142)	300,00 euros
38 Expediente 784/435 (NIF *****835N)	300,00 euros
39 Expediente 1532/435 (CIF H*****963)	300,00 euros
40 Expediente 10446/423 (NIF *****095K)	1.500,00 euros
41 Expediente 2288/435 (NIF *****155L)	1.000,00 euros
42 Expediente 2288/435 (NIF*****589M)	1.000,00 euros
43 Expediente 1506/435 (NIF *****544Z)	300,00 euros
44 Expediente 1342/435 (NIF *****268D)	3.000,00 euros
45 Expediente 1342/435 (NIF *****870Y)	3.000,00 euros
46 Expediente 1948/426 (CIF B*****188)	300,00 euros
47 Expediente 3009/426 (CIF B*****018)	900,00 euros
48 Expediente 1390/435 (NIF *****603Y)	300,00 euros
49 Expediente 1390/435 (NIF *****927A)	300,00 euros
50 Expediente 1390/435 (NIF *****768S)	300,00 euros
51 Expediente 20139/423 (NIF *****998G)	1.000,00 euros
52 Expediente 1794/426 (NIF*****580B)	300,00 euros

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

21(1068).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSORES E OUTROS MEDIOS MECÁNICOS DE ACCESIBILIDADE E MOBILIDADE TANTO EN FACHADAS COMO EN INTERIOR DE EDIFICIOS CONSTRÚIDOS DE USO RESIDENCIAL COLECTIVO E DOTACIONAL NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE 103457/421.

Visto o informe xurídico de data 27/11/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Licenzas e polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

-Na data 26/11/2020, a técnica de administración xeral da oficina de licenzas, co conforme do Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe:

“O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 30 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

-PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Ordenanza para a instalación de ascensores e outros medios mecánicos de accesibilidade tanto en fachadas coma en interior de edificios construídos de uso residencial colectivo e dotacional que coma Anexo I se incorpora á presente resolución.

-SEGUNDO: Proceder á apertura dun período de información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo de trinca (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e/ou suxestións.

-TERCEIRO: De non presentarse reclamacións ou suxestións no período de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio, procedéndose a publicación do texto íntegro da Ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación de conformidade co disposto no artigo 70.2 da LRBRL e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo corpo legal.

Dito acordo foi publicado no BOP nº197 de 13/10/2020, así coma na sede electrónica do Concello de Vigo, estando en exposición pública no período comprendido dende o 14/10/2020 e hasta o 24/11/2020.

Durante o período de información pública e audiencia aos posibles interesados, constan presentadas alegacións polo Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos a 12/11/2020 (cod sol W493637-3327) e pola Asociación Empresarial Galega de Ascensores (AEGA) a 23/11/2020 (cod sol W496933-73).

Ditas alegacións foron obxecto de informe xurídico de data 26/11/2020 co seguinte tenor literal:



Concello de Vigo

“Valoración das alegacións presentadas:

1.- Alegacións presentadas polo Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos a 12/11/2020 (cod sol W493637-3327):

1.1) Solicitan aclaración de a qué se refire con interese público acreditado para considerarse a extinción anticipada da cesión regulada no artigo 4.

O artigo 4.2 no seu derradeiro parágrafo literalmente establece:

“Cando a torre de ascensor ou demais elementos de accesibilidade e mobilidade regulados nesta Ordenanza deba executarse ocupando espazos libres ou de dominio público de titularidade municipal, a súa autorización levará consigo a cesión de uso do voo na porción de espazo libre ou de dominio público municipal necesario para a súa instalación e polo tempo no que se manteña a edificación. Cesión que concluirá anticipadamente cando un interese público acreditado considere necesaria a súa extinción.”

Dito interese público entenderase existente cando se trate dun interese extraordinario, inminente e perentorio, que impliquen a necesidade da ocupación pública do solo.

Modifícase por tanto a redacción do dito parágrafo polo seguinte:

“Cando a torre de ascensor ou demais elementos de accesibilidade e mobilidade regulados nesta Ordenanza deba executarse ocupando espazos libres ou de dominio público de titularidade municipal, a súa autorización levará consigo a cesión de uso do voo na porción de espazo libre ou de dominio público municipal necesario para a súa instalación e polo tempo no que se manteña a edificación. Cesión que concluirá anticipadamente cando un interese extraordinario, inminente e perentorio acreditado considere necesaria a súa extinción.

1.2) O Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos solicita se aclare, no caso das edificacións existentes anteriores as actuais esixencias do CTE, se nas novas instalacións de ascensores en fachada, os núcleos de comunicación deben ser dotados das condicións de iluminación e ventilación do CTE.

Literalmente o artigo 6.2 indica “(...) Dotarase ós núcleos de comunicación das condicións de ventilación e iluminación suficientes conforme o establecido no CTE. En casos excepcionais poderase localizar un pequeno vestíbulo exterior no nivel de rúa no acceso á cabina do ascensor”

Neste caso, é a propia aplicación do CTE aprobado polo RD 314/2006 de 17 de marzo a que define os supostos nos que os núcleos de comunicación deberán adaptarse, sen que unha Ordenanza xerárquicamente de rango inferior, poida contradicir o seu contido.

1.3) No mesmo documento de alegacións, plantexan aclaración sobre a distancia mínima de 1 metro entre o plano das xanelas polas que ventilan ou se iluminan as dependencias habitables afectadas e o plano de cerramento do ascensor (artigo 6.4.b) toda vez que non especificase se a distancia considérase no mesmo plano ou nun plano diferente. Así mesmo precisan coñecer se se refire á fachada principal ou fachada dun patio de luces.

As alusións referidas na presente Ordenanza refírense, en todo caso, ó plano enfrontado; e afectan a calquera fachada da edificación.

Co fin de aclarar as distancias amplíase o contido do artigo 6.4.b co seguinte tenor literal:

“b. A distancia mínima entre o plano das xanelas polas que ventilan ou se iluminan as dependencias habitables afectadas e o plano -enfrontado- do cerramento do ascensor será de 1,00 metro. Excepcionalmente poderase reducir a distancia se o uso

da dependencia vivideira é de baño, aseo ou corredor. A distancia mínima será de aplicación tanto si a instalación proxéctase na fachada principal ou en patio de luces.

Si dita distancia fora superior a 2 metros, admitirase ademais que devandito cerramento sexa opaco.

Si a mesma fora entre 1 e 2 metros, os cerramentos da caixa do ascensor deberán ser elementos permeables á luz e ao aire tales como lamas de vidro ou mallazos metálicos, que en todo caso impidan introducir obxectos ou extremidades no oco do ascensor. “

2.- Alegacións presentadas Asociación Empresarial Galega de Ascensores (AEGA) a 23/11/2020 (cod sol W496933-73).

2.1) *AEGA suxire que á hora de definir os conceptos urbanísticos que figuran no artigo 3, en concreto, a definición de ascensor do apartado 4, a mesma se vincule á ITC vixente, e non á aprobada por Real Decreto 88/2013 de 2 de febreiro.*

Estimar a suxerencia e modificar a definición de ascensor do artigo 3.4 polo seguinte tenor literal:

“4. Ascensor. Para os efectos desta ordenanza entenderase por ascensor calquera aparello de elevación destinado ao transporte de persoas que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 2 da Instrución Técnica Complementaria AEM 1 “Ascensores” en vigor.

2.2) *AEGA suxire que sexa unicamente por medio de Comunicación previa a forma de tramitar as instalacións reguladas na presente Ordenanza.*

A ordenanza municipal reguladora para a instalación de ascensores non pode contradicir o principio de xerarquía das normas de carácter superior.

O artigo 142.2 da lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia así como o 351 do seu Regulamento de desenvolvemento aprobado por Decreto 143/2016 de 22 de setembro establecen que estarán suxeitos a licenza municipal os actos de edificación e uso do solo e subsolo que, con arreglo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen proxecto de obras de edificación.

Neste sentido, a propia lei 38/1999 de 5 de novembro de Ordenación da Edificación (LOE), no seu artigo 2 advirte que terán a consideración de edificación e requirirán o correspondente proxecto as intervencións sobre os edificios existentes sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou parcial que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, da volumetría ou do conxunto do sistema estrutural.

Unha instalación exterior (tanto na fachada principal coma no patio interior) alteraríaa configuración arquitectónica da edificación e precisan tramitarse por licenza.

Por todo elo, cómpre desestimar as alegacións achegadas neste punto.



Concello de Vigo

2.3) A terceira alegación/suxerencia desta Asociación, refírese ó artigo 6, apartado 1. Características. Suxíren engadir a normativa técnica vixente, norma UNE-EN 81-70:2004/A1:2005, no que respecta ós ascensores de velocidade superior a 0,15m/s.

Estimar as alegacións, engadindo no texto o seguinte "Os ascensores que se instalen con velocidade superior a 0,15m/s cumprirán, donde sexa tecnicamente posible, coas normas técnicas de ascensores vixentes".

2.4) Considérase así mesmo convinte, que cando no artigo 6, apartado 2 referente ó acceso, establece que a nivelación (a ras) nos accesos será perfecta" deberá admitir unha tolerancia de +/-10 mm coma máximo, recollendo así o fixado na normativa de aplicación vixente, na norma EN 81-70 e na Nova Directiva de Ascensores.

Estimar a aportación de AEGA e modificar o artigo 6.2 polo seguinte texto:

Acceso. O acceso ou desembarque ao ascensor no interior da edificación resolverase mediante comunicación directa a través de zonas comúns de circulación coa escaleira do inmovible e portal evitando, na medida do posible, banzos no percorrido desde a cabina ata a porta de vivendas. A nivelación (a ras) nos accesos terá unha tolerancia de +/- 10mm coma máximo.

2.5) Solicítase así mesmo aclaración do artigo 14.3, "no caso de ascensores ou outros medios mecanismos de accesibilidade e mobilidade universal tramitados mediante comunicación previa (...)" coa finalidade de coñecer si esa comunicación previa é suficiente en todo caso o solo cando se opte pola instalación de medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade universal.

Reitérase o informado na alegación 2.2, desestimando a presente alegación."

Tras o informe das alegacións, efectúanse modificacións puntuais nos artigos 3.4, 4.2 e 6 (apartados 1,2 e 4b) do texto definitivo da presente Ordenanza e que a continuación se transcribe coma anexo I á presente resolución:

ANEXO I

**APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSORES E OUTROS MEDIOS MECÁNICOS DE ACCESIBILIDADE E MOBILIDADE TANTO EN FACHADAS COMA EN INTERIOR DE EDIFICIOS CONSTRÚIDOS DE USO RESIDENCIAL COLECTIVO E DOTACIONAL NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.
(Expte 103457/421)**

PREÁMBULO

I. "Correspóndelles aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social."

O artigo 9.2 da Constitución refunde a finalidade subxacente da actividade pública concretada na idea de procurar unhas condicións obxectivas de integración das e dos cidadás; por outra banda a configuración do Estado como “social” esixe a intervención dos poderes públicos para que a igualdade dos individuos sexa efectiva. Dende esta visión a eliminación de obstáculos arquitectónicos de accesibilidade e mobilidade é unha aposta das administracións o fin de acadar unha digna calidade de vida.

O Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (TRLSRU), no artigo 3.3.e) sinala, “Os poderes públicos formularán e desenvolverán, no medio urbano as políticas da súa respectiva competencia, de acordo cos principios de competitividade e sustentabilidade económica, social (...) *En particular: garantirán o acceso universal da cidadanía, de acordo cos requirimentos legais mínimos, ós edificios ...*”

II. No marco descrito o TRLSRU no artigo 24.4 indica, “*Será posible ocupar as superficies de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores u outros elementos que garantan a accesibilidade universal cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución, e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos libres, dotacións e demais elementos do dominio público*”. En idéntico xeito pronúnciase o artigo 13.2 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas en Galicia.

Nos preceptos transcritos os lexisladores estatais e autonómicos dan resposta a un baleiro legal e a unha demanda reclamada pola máis elemental idea de mobilidade vertical e polo dereito á cidadanía de gozar dunha vivenda digna e accesible entendendo este termo, non como accesibilidade económica -cuestión que lles corresponde ás políticas de vivenda protexida- senón como accesibilidade funcional.

III. O vixente Plan xeral de ordenación municipal do 1993 (PXOM 1993) non garante na súa normativa nin nas súas previsións unha solución á problemática de accesibilidade dos edificios carentes de ascensor, isto non impide que o Concello de Vigo -poder público comprometido coas políticas de accesibilidade- co fin de elevar a calidade de vida das e dos seus cidadás, no marco da súa competencia no outorgamento de licenzas urbanísticas, artigo 143.2. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no uso da súa potestade regulamentaria, artigo 4 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, desenvolva unha resposta mediante unha norma que posibilite actos de edificación (torre ascensor) en solos de dominio público ou privado para corrixir efectos dispares no goce dos dereitos garantidos na Constitución.

A presente ordenanza -complementaria ás de edificación do vixente PXOU 1993- debe entenderse como unha norma especial para o desenvolvemento dos artigos 3.3 e 24.4 do R.D lei. 7/2015 e como a materialización dunha política de colaboración da Administración municipal desenvolta dende o seu compromiso co principio de igualdade material, artigo 9.2 da Constitución, no seu concepto máis amplo pois garante a prevalencia da accesibilidade (interese particular) fronte a utilización do voo do solo público (interese xeral) conforme ás necesidades básicas dos individuos. Para este fin, impulsa e estimula a instalación dun equipamento esencial (ascensor, rampa...) no uso residencial colectivo.

IV. A ordenanza segue a síntese das que en similar sentido teñen aprobado outras grandes cidades. Neste sentido mostra tres obxectivos básicos, (i) incorpora as previsións normativas ditadas con posterioridade á aprobación do vixente plan xeral, en concreto o TRLSRU que, como se ten exposto, permite a ocupación de superficies de espazos libres ou de dominio público indispensa-



Concello de Vigo

bles para a instalación de ascensores; (ii) Concreta as condicións técnicas e xurídicas que resultan de aplicación na instalación das torres de ascensor no marco da referida normativa; (iii) Disciplina o procedemento formal para a tramitación das solicitudes o obxecto de asegurar unha actuación uniforme dos servizos municipais que redunde en eficiencia e axilidade ofertando un marco de seguridade xurídica.

Na normativa de aplicación subxace a pretensión de favorecer a accesibilidade universal sen distinguir o solo nin polo o seu destino nin pola a súa titularidade. No sentido exposto a ordenanza incorpora a posibilidade de torres de ascensor sobre espazos libres privados aos que se lles aplicarán as condicións xerais establecidas para as torres en espazo público. Tamén menciona a posibilidade da instalación de ascensor no interior dos edificios e a posibilidade de outorgar licenzas sobre espazos de dominio público ou privados para a instalación doutros axustes razoables de pequena entidade.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

É obxecto da presente ordenanza garantir e fomentar no ámbito do término municipal de Vigo o cumprimento das medidas de igualdade material que permitan o acceso e a utilización das edificacións conforme coas condicións básicas de accesibilidade e non discriminación. A este efecto regula as condicións técnicas, urbanísticas, administrativas e procedimentais no suposto de autorización de instalación dunha torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso residencial colectivo ou dotacional así coma de determinados elementos que permitan realizar axustes razoables tales como ramplas, plataformas elevadoras e outros medios mecánicos similares en edificacións que, carecendo destas ou non reunindo as condicións de accesibilidade ou mobilidade, deban instalarse ocupando espazos libres ou de dominio público de titularidade municipal.

É tamén obxecto da Ordenanza a instalación de ascensores e outros medios mecánicos similares relativos a facilitar a accesibilidade e mobilidade en solo privado exterior o edificio ou no seu interior.

Artigo 2. Réxime xurídico.

1. A instalación da torre ascensor ou dos restantes medios de accesibilidade e mobilidade como ramplas, plataformas elevadoras e outros medios mecánicos similares, ben sexa sobre terreos de dominio público ou de propiedade privada, rexerase polo disposto na presente ordenanza que desenvolve o previsto nos artigos 3.3 e 24.4 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana; pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia; polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e pola normativa técnica de aplicación.

2. As obras precisas para a instalación destes elementos de mobilidade e accesibilidade no interior do edificio encádranse, segundo o Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia, nas de *adecuación funcional de edificio*. Son obras que afectan aos elementos comúns da edificación e que teñen por obxecto proporcionar

ao edificio mellores condicións no relativo aos requisitos básicos do Código Técnico da Edificación ou mellorar as súas condicións de accesibilidade.

Os promotores das actuacións previstas nesta Ordenanza atópanse excepciónados do cumprimento exacto das condicións de habitabilidade se, como consecuencia da configuración física da edificación ou de singulares determinacións do planeamento, resultase imposible o cumprimento íntegro das determinacións destas normas.

3. Respecto ao procedemento para súa tramitación administrativa, no non previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na Ordenanza municipal de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do 28 de outubro de 2013 ou norma que a substitúa.

Artigo 3. Conceptos urbanísticos. Edificio existente; torre de ascensor; axustes razoables.

1. *Edificio existente.* Para os efectos desta ordenanza teñen a consideración de edificios existentes aqueles cuxa solicitude de licenza de obras sexa anterior á entrada en vigor do Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación (CTE) en materia de accesibilidade. No suposto de edificios cuxa solicitude de licenza sexa posterior á devandita norma, enténdese que cumpren as condicións de accesibilidade polo que non se poderán acoller ao previsto nesta ordenanza sen prexuízo de ser susceptibles de axustes razoables.

Teñen tamén a consideración de edificios existentes aqueles construídos con anterioridade ao ano 2010, aínda que non se teña constancia da solicitude de licenza.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación os edificios existentes de usos e tipoloxías diferentes ao de residencial de vivendas colectivas e equipamento de carácter público.

2. *Tipoloxía residencial.* Para os mesmos efectos, considérase edificio de tipoloxía residencial de vivenda colectiva o composto por máis dunha vivenda, sen prexuízo de que poida conter outros usos distintos do residencial.

3. *Torre ascensor.* Para os efectos desta ordenanza ten a consideración de torre de ascensor a construción ou instalación integrada polo espazo necesario para a maquinaria e o recinto ou espazo vertical por onde se despraza a cabina do ascensor, as plataformas de embarque e desembarque deste, así como as superficies complementarias que, no seu caso, resulten imprescindibles dispoñer para establecer a comunicación entre as plataformas e o núcleo de comunicación vertical resultante da actuación.

As torres de ascensores e os demais elementos de accesibilidade regulados nesta Ordenanza tales como ramplas, plataformas elevadoras e similares dado o seu interese xeral e prevalente sobre outros aspectos da ordenación urbanística, non computan os efectos de edificabilidade, ocupación de parcela, volume máximo edificable, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento das aliñacións. Tampouco supoñen alteración da cualificación do solo. Consecuencia do anterior poderán instalarse en edificios que teñan esgotado a edificabilidade máxima asignada no correspondente Plan.

Ás torres de ascensores e aos demais elementos de accesibilidade e mobilidade non lles resultarán de aplicación as condicións de posición da edificación establecidas no planeamento urbanístico.



Concello de Vigo

4. *Ascensor*. Para os efectos desta ordenanza entenderase por ascensor calquera aparello de elevación destinado ao transporte de persoas que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 2 da Instrución Técnica Complementaria AEM 1 "Ascensores" en vigor.

5. *Axustes razoables*. Para os efectos desta ordenanza enténdese por axustes razoables en materia de accesibilidade aquelas modificacións e adaptacións necesarias que garantan a todas as persoas o exercicio do dereito de accesibilidade en condicións de igualdade sempre que non impoñan unha carga desproporcionada.

Conforme co artigo 10.1.b) da Lei 49/1960 do 21 de xullo, da propiedade horizontal (LPH), será desproporcionada a carga cando o custo da instalación que se vai realizar, descontadas as posibles subvencións ou axudas públicas percibidas, exceda na súa repercusión anual, de doce mensualidades ordinarias de gastos comúns. Cumprindo a condición exposta as obras e actuacións necesarias para garantir axustes razoables en materia de accesibilidade universal teñen carácter obrigatorio.

Artigo 4. Condicións xurídicas para a implantación de torres de ascensores e demais medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade.

1. A instalación de torres de ascensores ou doutros elementos como ramplas ou plataformas elevadoras nas condicións previstas nesta Ordenanza está suxeita a licenza urbanística ou comunicación previa.

2. A obtención de título habilitante, no caso de que a instalación sexa urbanisticamente viable, outorgarase salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución para garantir as condicións básicas de accesibilidade será posible ocupar as superficies de espazos libres privados que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos mecánicos, así como superficies comúns de uso privativo tales como vestíbulos, descansos, zonas de circulación ou paso, sobrecubertas, saíntes, soportais e outros espazos libres tanto se se sitúan no chan, como no subsolo ou no voo; asegurarse sempre a funcionalidade dos espazos libres.

Cando a torre de ascensor ou demais elementos de accesibilidade e mobilidade regulados nesta Ordenanza deba executarse ocupando espazos libres ou de dominio público de titularidade municipal, a súa autorización levará consigo a cesión de uso do voo na porción de espazo libre ou de dominio público municipal necesario para a súa instalación e polo tempo no que se manteña a edificación. Cesión que concluirá anticipadamente cando un interese extraordinario, inminente e perentorio acreditado considere necesaria a súa extinción.

3. Os efectos desta Ordenanza considerarase dominio público:

Solo demanial de titularidade e uso público.

Solos patrimoniais adscritos a un uso ou servizo público por máis de 30 anos.

Solos nos que se atope constituída unha cesión de uso público de superficie.

4. Cando para a instalación de torres de ascensores e demais elementos de accesibilidade e mobilidade regulados nesta ordenanza sexa necesaria a ocupación de terreos de dominio público non municipais será precisa a autorización da Administración titular do solo, neste suposto a

Administración municipal poderá solicitar da Administración titular a cesión de uso do espazo que resulte necesario.

TÍTULO I

Condicións para a instalación de ascensores e outros medios de accesibilidade e mobilidade

Artigo 5. Xustificación e condicións xerais de localización de torres ascensor en fachada.

1. Nos edificios construídos de uso residencial colectivo poderase autorizar a instalación de torres de ascensores apegadas ás fachadas ben ocupando espazos libres ou de dominio público (vías públicas), ben ocupando espazos privados, cando na solicitude de licenza se xustifique que, polas características da edificación, tal solución é a única técnica ou economicamente viable para a corrección da carencia de accesibilidade universal e que dita solución, no caso de uso residencial colectivo, non afecta nin ás vivendas nin aos locais existentes.

En todo caso xustificárase que a instalación de ascensor non é posible no interior do edificio ben no oco de escaleiras, ben no patio interior xa sexa aberto ou de luces. Entenderase que non é posible a instalación do ascensor no interior do edificio nalgún dos seguintes casos:

- a. Cando non exista espazo suficiente nas zonas comúns ou no oco de escaleiras.
- b. Cando non sexa posible garantir o cumprimento das esixencias básicas do CTE e os seus documentos de apoio.
- c. Cando a instalación afecte a elementos ou espazos obxecto de protección.
- d. Cando non sexa posible a ocupación de zonas privativas conforme á LPH

A autorización outorgárase considerando o mantemento da edificación e que dela non se deriva deterioro significativo da funcionalidade e calidade urbana do espazo libre, das redes de infraestruturas e servizos existentes nin das dotacións e demais elementos de dominio público afectados.

Os servizos urbanos existentes serán retranqueados fóra do espazo ocupado pola instalación.

2. A solución adoptada integrarase coa fachada do edificio no referente á forma e dimensións da torre de ascensor e dos materiais empregados.

3. A solución permitirá o funcionamento do espazo público en relación coa rede viaria, uso peonil e accesibilidade. Quedará garantido o acceso de vehículos de emerxencia.

A solución para a instalación da torre no exterior do edificio observará un ancho mínimo de paso de 1,50 metros. Excepcionalmente reducirase a 1,20 metros no suposto que as características do espazo público a faga inviable.

4. Aplicaranse as medidas de sinalización establecidas na normativa de accesibilidade.



Concello de Vigo

Artigo 6. Condicións particulares da instalación de torres ascensor na fachada dos edificios.

1. *Características.* Non se permitirá a instalación de ascensores de velocidade igual ou inferior a 0,15m/s se han de servir mais de dous niveis ou a un percorrido superior de a 3,20 metros; estarán dotados de sistemas de tracción que garantan un baixo consumo eléctrico; evitárase a instalación de ascensores hidráulicos agás por razóns excepcionais e construtivas.

Os ascensores que se instalen con velocidade superior a 0,15m/s cumprirán, donde sexa técnicamente posible, coas normas técnicas de ascensores en vigor.

2. *Acceso.* O acceso ou desembarque ao ascensor no interior da edificación resolverase mediante comunicación directa a través de zonas comúns de circulación coa escaleira do inmobile e portal evitando, na medida do posible, banzos no percorrido desde a cabina ata a porta de vivendas. A nivelación (a ras) nos accesos terá unha tolerancia de +/- 10mm coma máximo.

Dotarase ós núcleos de comunicación das condicións de ventilación e iluminación suficientes conforme o establecido no CTE. En casos excepcionais poderase localizar un pequeno vestíbulo exterior en nivel de rúa no acceso á cabina do ascensor.

3. *Distancia a fachadas.* Dependerá en cada caso da disposición do ascensor sobre o espazo público.

4. *Distancia a xanelas.* Evitárase que as actuacións incidan negativamente nas condicións de salubridade e hixiene das dependencias habitables existentes no edificio ou nos edificios lindeiros. Os documentos gráficos do proxecto reflectirán a disposición de todas as xanelas das vivendas que ventilan ou iluminan a través dos espazos onde poida existir incidencia da torre ascensor con indicación do uso das devanditas estancias.

Son dependencias habitables o conxunto de pezas nas que se desenvolve a vida das persoas que ocupan vivenda que teñen obrigatoriamente iluminación e ventilación natural ao exterior. Son pezas habitables as estancias e as cociñas.

Considerarase que non existe a dita incidencia negativa cando se poida verificar que:

a. Non se produce ningunha interferencia de luces rectas entre a instalación de ascensor e os ocos de xanela existentes na fachada do edificio.

b. A distancia mínima entre o plano das xanelas polas que ventilan ou se iluminan as dependencias habitables afectadas e o plano enfrontado do cerramento do ascensor será de 1,00 metro. Excepcionalmente poderase reducir a distancia se o uso da dependencia vividera é de baño, aseo ou corredor. A distancia mínima será de aplicación tanto si a instalación proxéctase na fachada principal ou en patio de luces.

Si dita distancia fora superior a 2 metros, admitirase ademais que devandito cerramento sexa opaco.

Si a mesma fora entre 1 e 2 metros, os cerramentos da caixa do ascensor deberán ser elementos permeables á luz e ao aire tales como lamas de vidro ou mallazos metálicos, que en todo caso impidan introducir obxectos ou extremidades no oco do ascensor.

5. *Acabados exteriores e peche perimetral.* Serán acordes cos materiais e cores das edificacións existentes. Serán duradeiros, integrados coa contorna e de aspecto lixeiro co fin de xerar o me-

nor impacto visual. Procurarase o uso de elementos permeables á luz e ao aire en todo caso o cerramento impedirá introducir obxectos ou extremidades no oco do ascensor.

6. *Instalacións.* Dispoñerase da instalación de recollida e evacuación de augas pluviais ata a rede pública. Non se realizarán actuacións antiestéticas, inconvenientes ou lesivas non integradas tales como condutos eléctricos ou de telecomunicacións apegados á fachada visibles desde a vía pública. Instalaranse baixo molduras, canalizacións ou condutos integrados na fachada.

7. *Cuarto de máquinas.* Situarase en todo caso no interior do volume da edificación ou sobre o recinto de percorrido da cabina. Será accesible desde zonas comúns e cumprirá as condicións de illamento acústico previstas na normativa municipal sobre Protección do Medio Ambiente e contra ruídos e vibracións. Permitiranse casetóns que deban localizarse por riba das pendentes de cuberta e sexan obrigatorios en virtude da normativa sectorial.

8. *Obras de urbanización.* Os remates de execución de obras de urbanización para realizar no espazo público, tales como pavimentado e bordos, entre outros, utilizarán materiais de idénticas calidades e características aos existentes. As obras complementarias de urbanización asegurarán o mantemento e correcto funcionamento das redes de infraestruturas e servizos urbanos que, no seu caso, discorran por estes espazos. Garantirán as modificacións necesarias que se mantén e resolve axeitadamente o interese público destes espazos. A estes efectos depositarase con carácter previo á obtención da licenza ou título que corresponda, fianza ou aval bancario que garanta a reposición dos servizos urbanísticos que puideran verse afectados pola execución das obras.

Cando a afectación ao dominio público supoña a alteración das infraestruturas ou as condicións e características do mobiliario urbano, prazas de aparcamento ou plantacións situadas naquel os custos de modificación serán asumidos polos propietarios do edificio no que se solicite implantar o ascensor.

Artigo 7. Ascensores no interior dos edificios.

1. Comprende aquelas situacións posibles que non modifican o sólido capaz orixinal do edificio, é dicir, non se altera o fondo edificado do inmovible, nin as fachadas, nin este sofre unha distorsión perceptible desde o exterior salvo a eventual aparición do casetón da maquinaria nos planos de cuberta. As ditas situacións poden ser:

a. No interior do edificio, preferentemente na caixa de escaleiras.

b. En patio interior. Situación que comprende tanto os patios de luces como os patios abertos a fachada, pero sempre ao interior dos planos que configuran as fachadas orixinais do edificio.

c. En situacións especiais. Situación concreta e particular que deberá explicarse no proxecto.

2. Permítese unha redución da dimensión mínima do patio resultante que estivese establecida con carácter xeral pola normativa urbanística ou sectorial de aplicación; en todo caso a superficie do patio resultante redución non será inferior o 25% da dimensión mínima establecida con carácter xeral para os patios na normativa urbanística.

3. Non serán de aplicación as alturas libres mínimas en función dos usos regulados na normativa urbanística polo que poderán manter as alturas existentes. No caso de que sexa indispensable unha redución da altura admitiranse alturas libres mínimas de ata 2,40m en usos residenciais e



Concello de Vigo

espazos comúns de circulación do uso residencial e de 2,10m en zonas de circulación de uso garaxe-aparcamento, que poderán chegar a 2,00m en prazas de aparcamento e rochos. Estas reducións non superarán o 20% da superficie útil do recinto considerado.

4. Poderán eliminarse as prazas de aparcamento e/ou rochos imprescindibles, aínda que se incumpra a dotación mínima de prazas de garaxe aparcamento e rochos dos usos residenciais imposta como obriga na licenza de construción da edificación. Ademais da necesaria xustificación técnica, será requisito indispensable contar coa conformidade do propietario do elemento que se elimina.

5. En todo caso a instalación dun ascensor interior non supoñerá a desaparición dos ocos de acceso ao patio salvo que se acredite que é imprescindible a súa desaparición para tal instalación, neste caso deberán dispoñerse ocos substitutivos ou, en todo caso, medios alternativos para o acceso ao patio.

6. No suposto que a instalación dun ascensor no interior do edificio imposibilite a escaleira deste conforme coa normativa técnica aplicable poderase autorizar a instalación de torres de escaleiras encostadas ás fachadas coa ocupación de espazos libres ou de dominio público (vías públicas). As torres de escaleiras, dado o seu interese xeral e prioritario sobre outros aspectos da ordenación urbanística, non computan para os efectos de edificabilidade, ocupación de parcela, volume máximo edificable, nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións, espazos públicos e vías públicas, ou cumprimento das aliñacións; tampouco supoñen alteración da cualificación do solo.

Artigo 8. Instalación de ramplas e plataformas elevadoras.

1. As ramplas e plataformas elevadoras poden colocarse:

a. De forma preferente, no interior da edificación, ben sexa en zonas comúns ou, no caso de que fose imprescindible, con afección a propiedades particulares.

b. Cando a colocación dos devanditos elementos no interior do edificio sexa inviable técnica ou economicamente, ou resulte incompatible co seu grao de protección, as persoas interesadas poderán solicitar a instalación destes elementos polo exterior do edificio, ocupando espazos privados de uso público ou espazos públicos. Quedará suxeita esta ocupación á pertinente autorización municipal, ou da administración titular.

2. Toda solución exposta debe integrarse formalmente coa fachada do edificio no referente á súa composición, forma e dimensións, materiais e cores empregadas. Así mesmo, debe asegurarse a funcionalidade dos espazos libres, redes e infraestruturas e servizos urbanos, dotacións públicas e demais elementos do dominio público que puidesen verse afectados, en particular os percorridos peonís e rodados e que en todo caso queda garantido o acceso para vehículos de emerxencia.

3. No caso de que a proposta contemple a localización en solo de uso público deberá xustificarse, achegando e detallando as razóns que, no seu caso, impidan a localización no interior do edificio. Para a localización dos devanditos elementos polo exterior da edificación, sobre espazos de dominio privado ou público, quedando sometidos á previa obtención de licenza urbanística e de calquera outro título habilitante necesario.

4. Os servizos técnicos municipais poderán, tras o exame da documentación achegada, requirir a información que consideren precisa sobre calquera emprazamento posible, todo iso con obxecto de perfeccionar a proposta en canto á súa localización definitiva.

Artigo 9. Seguridade de utilización e accesibilidade. Seguridade en caso de incendio.

1. No referente ás condicións de seguridade de utilización e de accesibilidade a instalación dunha torre ascensor nun edificio existente aterase ao establecido no CTE así como ás Ordenanzas municipais sectoriais de aplicación.

2. Co fin de garantir a accesibilidade universal deberase dispoñer dun itinerario accesible que comunique a cabina do ascensor tanto coa vía ou espazo público como coas vivendas segundo a definición establecida no Documento Básico de Seguridade de Utilización e Accesibilidade (DB SUA) do CTE.

3. Cando se dean as circunstancias de inviabilidade de cumprimento do CTE ou dos seus documentos interpretativos propoñeranse solucións alternativas e autorizaranse modificacións no trazado das escaleiras non estritamente axustadas ás disposicións específicas da normativa vixente en materia de accesibilidade atendendo á mellora na accesibilidade xeral que representa a torre ascensor; tal solución non supoñerá o incumprimento da normativa vixente de Protección contra Incendios.

4. No referente ás condicións de seguridade en caso de incendio, a instalación dunha torre ascensor nun edificio existente aterase ao establecido no CTE así como ás Ordenanzas municipais e sectoriais de aplicación.

5. As obras de mellora da accesibilidade mediante torre ascensor no exterior dun edificio existente non reducirán as condicións esixibles de aproximación dos vehículos de emerxencia á contorna do edificio ou os seus lindeiros nos termos establecidos pola lexislación aplicable.

6. Nos casos de edificios de vivenda colectiva nos que se autorice a instalación de torre ascensor e que carezan das instalacións de iluminación, sinalización de emerxencia e extintores conforme a normativa, esixirase a colocación destes elementos nos percorridos de evacuación con independencia doutras melloras que poidan resultar obrigatorias en cumprimento do CTE.

TÍTULO II

Normas sobre procedemento

Artigo 10. Procedemento e solicitude de licenza de torres ascensores ou outros medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade no exterior dos edificios.

1. En todo caso será preciso tramitar expediente de solicitude de licenza urbanística para a instalación de torres de ascensores ou outros medios de accesibilidade e mobilidade no exterior dos edificios, ocupen ou non, espazos de dominio público, conforme co procedemento definido na norma reguladora de tramitación de licenzas urbanísticas coas especialidades previstas nesta ordenanza.

2. O procedemento iniciarase mediante a presentación da solicitude de licenza urbanística en modelo normalizado. A solicitude acompañarase da documentación xeral prevista na Ordenanza



Concello de Vigo

reguladora para a tramitación de licenzas urbanísticas no procedemento de licenza de reestruturación e considerando a documentación específica desta Ordenanza.

3. Nos supostos de edificios existentes sometidos ao réxime de propiedade horizontal, ademais da documentación xeral, achegarase certificación literal do acordo de instalación da torre ascensor expedida polo secretario ou administrador da Comunidade de Propietarios co visto e prace do presidente; tal certificación, ademais de mencionar que o acordo foi adoptado consonte coas normas que rexen o funcionamento da Comunidade de Propietarios, mencionará a aprobación do proxecto de obras achegado á solicitude.

4. Se o inmovible non estivese sometido ao réxime legal de propiedade horizontal por non resultar obrigatorio conforme as normas de Dereito privado, ademais da documentación xeral esixible, farase constancia expresa desta circunstancia e achegarase o documento notarial ou rexistral que o acredite.

Artigo 11. Documentación específica.

1. Será esixible a seguinte documentación específica:

a) Memoria xustificativa subscribida polo técnico redactor do proxecto, que analice e acredite que a instalación do ascensor exterior é a única solución técnica ou economicamente viable conforme o sinalado no artigo 5.1 desta ordenanza.

O estudo de inviabilidade económica considerará o sinalado no artigo 2.5 do Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

b) Proxecto de obras asinado polo técnico competente que, ademais da esixida regulamentariamente, incluíra as determinacións e documentación seguinte:

- Informe no que se sinala que o proxecto cumpre coa normativa urbanística aplicable o coa indicada nesta ordenanza.

- Memoria descritiva da solución adoptada dende o punto de vista urbanístico, construtivo e compositivo.

- Reportaxe fotográfica do estado actual do edificio e da súa contorna e, no caso de edificios protexidos, fotocomposición da imaxe final.

- Orzamento da actuación.

- Plano a escala suficiente da contorna afectada grafiando percorridos peonís e rodados existentes e definindo a incidencia da torre de ascensor proxectada sobre os mesmos.

- Descrición e planos detallados que recollan a solución urbanística adoptada no caso de que a implantación da torre de ascensor produza interaccións coa urbanización existente ou afecte á viabilidade e/ou a elementos urbanos.

- Planos do estado actual e reformado da edificación en plantas, seccións e alzados.

- Memoria, planos e orzamento que definan o deseño final e as obras necesarias para a reposición e/ou reforma da vía pública ou zona verde afectada pola actuación coa indicación dos servizos existentes e solución proposta.

2. Previamente á comunicación de inicio de obras o solicitante achegará carta de pago acreditativa do depósito do aval, ou o seu equivalente en metálico, referido á reposición ao estado orixinal dos espazos públicos ou zonas verdes.

Artigo 12. Informes.

1. A Xerencia Municipal de Urbanismo emitirá informe técnico nos seguintes aspectos:

a) Validación ou aceptación da Memoria xustificativa presentada na que se analizará e acreditará que a instalación do ascensor exterior é a única solución técnica ou economicamente viable.

b) Que da instalación non se deriva deterioro significativo da funcionalidade e calidade urbana do espazo libre, das redes de infraestruturas e servizos existentes nin das dotacións e demais elementos de dominio público afectados.

c) Que o proxecto intégrase da documentación xeral esixida na normativa municipal e da específica desta ordenanza.

d) Que o proxecto cumpre coas condicións particulares sinaladas na presente ordenanza.

2. No suposto de que o ascensor se localice en terreos de dominio público municipal a Xerencia Municipal de Urbanismo dirixirase a Área competente en materia de Patrimonio ou á competente en materia de parques e xardíns para os efectos de que no prazo de dez días emitan informe no cal se determine o custe de reposición da vía pública ou zona verde e dos elementos preexistentes co fin da constitución do aval para a súa reposición ao seu estado orixinal.

3. A Xerencia Municipal de Urbanismo dirixirase á área competente en materia de seguridade e mobilidade nos casos en que a actuación incida no tráfico viario e peonil así como no acceso de vehículos de emerxencia.

4. Cando o edificio forme parte dun conxunto de similares características, a fin de salvagardar a unidade do conxunto urbano, o informe técnico prescribirá que o modelo autorizado sexa referente a instalacións futuras no mesmo ámbito.

5. Tras os informes técnicos emitirase informe xurídico respecto á normativa aplicable que conterá a proposta de Resolución en relación á solicitude formulada.

Artigo 13. Actuacións en edificios catalogados ou declarados BIC.

1. Nos edificios protexidos polo seu valor cultural nos que resulte necesaria a súa adaptación ás condicións mínimas de accesibilidade e esta entre en contradición coa normativa de protección do patrimonio cultural poderán autorizarse solucións alternativas ou innovadoras respecto ás esixencias técnicas que resulten sostibles e respectuosas coas características e elementos de valor cultural do edificio.

2. A concesión de licenza de torre ascensor en edificios incluídos no Catálogo do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar (PEEC) ou no Plan



Concello de Vigo

Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello (PEPRI Casco Vello) requirirán informe favorable das respectivas Comisións Técnicas de Seguimento. A autorización supeditarase á determinación e execución das medidas que en cada caso se estimen necesarias para a preservación e o mantemento dos inmobles nas condicións determinadas no dito réxime.

Outorgada a autorización do parágrafo anterior a proposta remitirase para informe do órgano autonómico competente na xestión do réxime de protección aplicable.

Artigo 14. Resolución.

1. O procedemento de licenza finalizará coa resolución. No caso de ser favorable, autorizará a localización, as obras precisas e a instalación solicitada con inclusión da lexitimación para a ocupación privativa de espazos libres do dominio público conforme o réxime descrito na presente ordenanza.

2. A licenza urbanística conterà como prescrición os seguintes aspectos:

Obriga de obter a conformidade das empresas subministradoras para a modificación das redes de servizos afectados pola instalación do ascensor, debendo dar cumprimento á solución final.

O custo das obras necesarias para o desvío do trazado dos servizos urbanos afectados así como os de retirada, instalación ou desprazamento dos elementos preexistentes na vía pública como mobiliario urbano ou sinalización, corresponderalle titular da licenza.

3. No caso de ascensores ou outros medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade universal tramitados mediante comunicación previa, estarase ó disposto no artigo 146 da lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia así coma nos artigos 360 e seguintes do Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento e a Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa de 28 de outubro de 2013 ou norma que a substitúa.

Artigo 15. Inicio de obras. Inspección e supervisión das obras e instalacións.

1. O/a titular da licenza comunicará cunha antelación de 15 días a data de inicio de obra e/ou replanteo.

2. O Concello de Vigo inspeccionará a correcta execución das obras da instalación da torre de ascensor en fachada e supervisará as mesmas nos termos autorizados.

Disposición adicional primeira. Ascensores en solo privado exterior o edificio.

As disposicións e condicións xerais de instalación de torres de ascensores con ocupación do espazo público reguladas no Título Preliminar, I e II desta ordenanza serán de aplicación á instalación de torres de ascensores en solos privados exteriores salvo as específicas para ocupación do espazo público, unha vez constatada a imposibilidade técnica ou económica da súa instalación no interior da edificación.

Cando non sexa técnica ou economicamente viable ou, no seu caso, incompatible co seu grao de protección, poderanse aplicar solucións alternativas que permitan alcanzar o maior grao de adecuación ás condicións de accesibilidade universal.

Disposición adicional segunda. Outros axustes razoables en materia de accesibilidade.

1. As previsións desta ordenanza relativas as torres ascensor en espazos libres e de dominio público serán de aplicación ás pequenas actuacións dirixidas a salvar reducidos desniveis de acceso mediante ramplas ou mediante plataformas mecánicas ben inclinadas, ben verticais ou outros elementos análogos.

2. Cando, aínda considerando as tolerancias, resulte urbanística, técnica ou economicamente inviable alcanzar o cumprimento do CTE e os seus documentos interpretativos ou, no seu caso, iso resulte incompatible coa natureza da intervención ou co grao de protección do edificio, poderanse aplicar, baixo o criterio e responsabilidade do proxectista ou, no seu caso, do técnico que subscriba a memoria, aquelas solucións que permitan o maior grao posible de adecuación efectiva ás condicións básicas de accesibilidade.

3. A posible inviabilidade ou incompatibilidade de aplicación ou as limitacións derivadas de razóns técnicas, económicas ou urbanísticas xustificaranse no proxecto ou na memoria, segundo corresponda, e baixo a responsabilidade e o criterio respectivo do proxectista ou do técnico competente que subscriba a memoria. Na documentación final da obra deberá quedar constancia do nivel de prestación alcanzado e dos condicionantes de uso e mantemento do edificio, se existen, que poidan ser necesarios como consecuencia do grao final de adecuación efectiva alcanzado e que deban ser tidos en conta polas persoas propietarias e usuarias

Disposición adicional terceira. Modificación da Ordenanza fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público.

Engádase no artigo 1, Feito Impoñible, da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público un apartado 2 co seguinte contido:

2. Non constituirá feito impoñible para o devengo de taxa polos aproveitamentos especiais sinalados no apartado a) do artigo 1 a instalación o servizo da edificación de torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso dotacional ou residencial colectivo que carezan de instalación de ascensor.

Disposición transitoria primeira. Axudas para a instalación de torre de ascensor na fachada exterior de edificios construídos de uso residencial colectivo

Para facilitar os obxectivos contemplados nesta Ordenanza poderán establecerse axudas públicas a través das actuacións subvencionables acollidas aos programas que convoque o Concello de Vigo de conformidade coas bases reguladoras que ao seu efecto se establezan.

Disposición transitoria segunda. Procedementos iniciados

Os titulares de procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza poderán desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa, sempre que o poñan de manifesto antes da resolución do procedemento. En caso contrario, continuarase coa tramitación segundo a normativa que lle resultase de aplicación.

Disposición final primeira. Interpretación da Ordenanza.

As mencións na presente ordenanza a normas específicas entenderase extensiva á norma que por promulgación posterior a substitúa.



Concello de Vigo

Corresponde á concellería delegada da Área competente en materia Urbanismo a coordinación das actuacións comúns que se realicen para desenvolver a aplicación desta Ordenanza e fixar mediante Instrución os seus criterios interpretativos.

As definicións dos conceptos regulados nesta Ordenanza serán interpretados e aplicados conforme á Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana de Galicia e conforme o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da lei do solo de Galicia.

Disposición final segunda. Publicación e entrada en vigor.

Conforme o artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, a presente Ordenanza entrará en vigor aos quince días da recepción do acordo de aprobación na Administración do Estado e na Administración da Comunidade Autónoma.”

PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ao Pleno da Corporación, por proposta do Consello de Xerencia da XMU e previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o informe de alegacións da técnica de administración xeral de data 26/11/2020 que consta no expediente.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente a ordenanza para a instalación de ascensores e outros medios mecánicos de accesibilidade tanto en fachadas coma en interior de edificios construídos de uso residencial colectivo e dotacional no termo municipal de Vigo.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos alegantes e, ao abeiro do disposto nos artigos 70.2 da lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), publicar este acordo e o texto íntegro da Ordenanza no BOP, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LBRL.

CUARTO: Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, 112.3, 114 e concordantes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (Disposición Transitoria Terceira), 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, podéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito

Non obstante, este informe proposta non é vinculante e a Xunta de Goberno Local e o Pleno da Corporación decidiran co seu superior criterio, o que estimen oportuno.

O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria do día 01/12/2020 dictamina favorablemente o presente informe e propón á Xunta de Goberno Local e ao Pleno, a adopción do acordo que se contén na parte que antecede.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1069).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez